



Os nomes do mar

LIMIAR

Preocupados pola perda dunha parte do noso patrimonio inmaterial como é a toponimia, escollemos o treito de costa que vai do esteiro do Miño á Area das Canas (Panhón, Nigrán) para realizar o labor de recollida. É unha área xeográfica ricaz pola variedade de ambientes, desde o tramo fluvial e internacional do Miño, pasando pola costa aberta e lineal da Guarda e Oia até a máis articulada da baía de Baiona.

E preocúpanos porque somos conscientes dos trocos nos xeitos de explotación do medio acuático, do abandono das actividades complementarias como a pesca polas pedras, a recolleita do argazo, a motorización das pequenas embarcacións e a introdución nelas de sistemas electrónicos de navegación e localización e outros moitos factores que van transformando a sociedade tradicional que secularmente foi creando a toponimia costeira.

Por todo iso, aplicando nós tamén os avances na electrónica, deixamos atrás a maneira tradicional de recoller a toponimia a man alzada sobre os mapas, cartas, etc., e empregamos fotografía aérea ortométrica introducindo os topónimos na base de datos do Proxecto de Toponimia de Galicia para contribuír a salvar do esquecemento os quizais dous millóns de nomes da nosa terra que se van perdendo co paso do tempo dos nosos vellos.

É hora de ir considerando un nome como un TESOURO, como unha creación única e insubstituíble do noso pobo, tan digno de conservación, estudo e respecto como calquera obra do patrimonio material, hórreo, castro, carro ou zanfona. Para podermos conservalo hai que recollelo, para que se poida estudar e aprender a respectalo.



O MEDIO XEOGRÁFICO

Este traballo céntrase na área xeográfica que se estende, ó longo de aproximadamente 60 quilómetros de costa, desde a Punta do Caranquexo (Nigrán) até o Esteiro do Río Miño (A Guarda) e que constitúe un amplo e diferenciado espazo situado no cuadrante sudoccidental da provincia de Pontevedra.

Esta faixa litoral enmárcase, por unha banda, nos territorios dos concellos de Nigrán e Baiona que, xunto co de Gondomar, conforman a comarca natural e individualizada do Val Miñor; e, por outra, nos territorios dos concellos de Oia, O Rosal e A Guarda, que constitúen parte da comarca natural do Baixo Miño.

As terras da comarca do Val Miñor son unha prolongación cara ao interior dos caracteres físicos e humanos da ría viguesa e ten a súa orixe pola conxunción de fenómenos tectónicos e de erosión diferencial.

Nesta área xeográfica, a chaira costeira penetra cara ao interior uns oito quilómetros e na Groba, algo menos, nos arredores de Baiona. Contra o interior as aliñacións

montuosas occidentais das serras do Galiñeiro e da Groba supoñen a delimitación e pechamento deste sector separándoo da comarca do Baixo Miño, e o ascenso desde a costa ós cumes faise dunha maneira máis lenta e progresiva.

A Serra do Galiñeiro é o contraforte occidental da depresión meridiana, que discorre afastada da costa. Está constituída esencialmente pola superficie de erosión fundamental e ten unha altura de 500-520 metros, os cumes de máis altitude –teñen máis de 600 e incluso chegan ós 700– son, seguramente, núcleos residuais de maior resistencia ante os axentes erosivos. A Serra do Galiñeiro, a modo de anfiteatro montañoso, pecha contra o interior o Val Miñor.

A liña de costa é unha sucesión de enseadas (A Enseada de Abra, A Praia de Panxón, A Praia de Canido, A Praia de Lourido –Nigrán–, etc.) e saíntes como A Punta do Caranquexo, A Península de Monteferro, A Punta do Monte Lourido (Nigrán), A Península do Monte Boi, O Cabo Silleiro, O Illote da Carral (Baiona) de menor entidade que na banda norte da Ría de Vigo, agás a grande enseada de Baiona.



Panorámica da Baía de Baiona



Destacan as acumulacións areentas, sobre todo as formacións de complexos dunares, como as practicamente desaparecidas dunas de Gaifar nas praias de Panxón, Canido e Lourido (Nigrán); e na grande enseada ou baía de Baiona consérvanse, tamén, depósitos mariños antigos.

En xeral, e malia o diferente desenvolvemento, non se constata unha correspondencia entre os accidentes que orlan as dúas bandas costeiras da Ría de Vigo, propoñendo a idea da orixe nunha fractura e o progresivo retroceso das vertentes en función dunha litoloxía diferencial.

Así mesmo, nesta liña de costa temos dous Lugares de Importancia Comunitaria (LIC), que foron declarados espazos da Rede Natura 2000 polo seu valor natural e riqueza ecolóxica como zonas de nidificación de gran variedade de aves: o complexo intermareal da Foz do Río Miñor na Ramallosa (Nigrán e Baiona), onde se atopa un entorno natural a base de halofitas e sustento de aves migratorias que descansan no inverno. A marisma está protexida da acción directa do mar mediante unha punta litoral (A Punta da Ladeira e A Praia da Ladeira). E As Illas Estelas (A Estela de Terra e A Estela de Fóra), que conforman un pequeno arquipélago situado na boca da Ría de Vigo e que posúe fondos mariños ben conservados. O conxunto illar serve de hábitat a unha pequena colonia de aves mariñas como son a gaivota patamarela ou o corvo mariño real.

Os cursos fluviais que desaugan na banda sur da ría son de maior entidade que os que hai no resto das Rías Baixas. Isto débese a que o prelitoral encóntrase máis desenvolvido. Nesta zona temos regueiros que organizan cuncas reducidas ou que en ocasións desaugan directamente no mar; entre eles destacan, pola súa entidade, o río Miñor e o río da Groba.

O primeiro, cun percorrido de 16 km, nace na Serra do Galiñeiro, a uns 400m de altura, na parroquia de Zamáns (Vigo). Discorre de forma sinuosa e cunha orientación NE-SO chega, recollendo afluentes, até

Panorámica de Oia



arredores de Gondomar e tomando dirección E-O até a desembocadura na Foz, organizando por baixo dos 40m de altitude o largacío Val Miñor.

O segundo nace na Serra da Groba, a uns 460m de altitude, ten un percorrido N-S moi encaixado e con forte pendente nos cursos alto e medio, e vai abrindo progresivamente o seu camiño cara á desembocadura, tamén preto da Foz do río Miñor.

A partir do Cabo Silleiro e ó longo de todo o Concello de Oia até a desembocadura do río Miño no da Guarda, a morfoloxía da costa muda de xeito radical en canto ó aspecto e ó sentido. A unha costa afiligranada séguelle un tramo case rectilíneo cun



desenvolvemento relativamente importante, rochoso e pouco artellado. Salvo o Porto da Guarda e o de Santa María de Oia, ou os entrantes de menor entidade como os de Mougás, Portosanín (Viladesuso) ou O Porto das Canelas (Pedornes), o litoral é esgrevio e rochoso, practicamente cheo de acantilados de escasa altitude. En realidade, pódese falar dunha chaira litoral estreita que se estende lonxitudinalmente á maneira dun planalto e que, agás excepcións (vg. o val que conforma o río de Mougás) entra de súpeto en contacto cos montes da Serra da Groba, que culminan a 652m de altitude.

A superficie aplanada costeira, malia a continuidade, non ten sempre a mesma extensión. Así, até Mougás, os montes occidentais achéganse máis ó mar, até o punto de que a rotura de pendente verifícase dunha forma nidia a menos dun quilómetro daquel; ó sur de Mougás a separación é maior e o planalto acada a maior largura, case dous quilómetros, até Oia. Os montes da Groba, bloque de contornos pesados e senís de moita altura, esténdense de norte a sur paralelamente á liña de costa e constitúen un imponente contraforte montañoso que, visto desde o mar, ofrece o aspecto dun gran murallón rochoso que cae enriba del e configura unha evidente oposición entre as superficies penplanizadas superiores e as fortes pendentes das abas occidentais.

Pola encosta baixan varias correntes de auga que forman cuncas encaixadas de reducida extensión e transcendencia. Hai que destacar o río de Mougás como excepción posto que nace a 3 km da costa e cuxo val permite a ocupación agrícola máis intensa de todo o tramo litoral Cabo Silleiro-A Guarda. No lado oriental, en cambio, o murallón cae de forma máis suave polo tramo terminal da depresión meridiana e resólvese mediante unha sucesión de fracturas encadeadas de dirección N-S. Este bloque montañoso parece derivar, tamén, dunha enorme fractura N-S, e isto explica as grandes pendentes e a dirección do curso dalgúns ríos.

En todo caso, o que propicia é o forte contraste entre as terras do litoral e as áreas claramente montesías, ás veces a menos de un ou dous quilómetros en liña recta, e tamén a contraposición entre as áreas ocupadas pola poboación nas proximidades da costa (con menor densidade que nas rías) e os sectores desocupados das ermas elevacións da Groba.

EVOLUCIÓN HISTÓRICA DAS COMUNIDADES MARIÑEIRAS

Vendo o variado e extenso litoral galego actual, aproximadamente arredor duns 1.200 km, decatámonos da grande importancia que a costa, polos recursos que esta ofrece, debeu posuír para as comunidades humanas que se asentaron ó longo da historia no noroeste peninsular.

A liña actual de costa difire en grande medida de como sería na Prehistoria. A presenza ó longo do litoral de restos de niveis mariños antigos testemuñan a vaga de oscilacións do nivel do mar, transgresións e regresións, que tiveron lugar durante o Cuaternario e o Holoceno, e que provocaron transformacións na costa deixando testemuños xeolóxicos.

Ó longo do Pleistoceno as sociedades cazadoras-recolectoras que se asentaron no litoral peninsular tiveron na caza e na recolección de froitos as súas principais actividades de subsistencia e moi posiblemente estas comunidades, xa desde o Paleolítico Inferior, complementasen a súa dieta alimenticia cun incipiente aproveitamento dos recursos mariños, como se documenta no depósito arqueolóxico achelense de Terra Amata, en Niza.

Vai ser durante o período cultural posterior, no Mesolítico, e a raíz dos cambios climáticos acontecidos, o paso dunha etapa glaciaria a outra de clima benigno, o Holoceno, cando se agudice o proceso de transformacións das comunidades mesolíticas no que se refire ós aspectos tecnolóxicos, subsistenciais e socioculturais, que culminarán no Neolítico.

Coa aparición na franxa costeira, entre A Guarda e Baiona, de posibles pesas de rede e de gran cantidade de exemplares dun tipo de útil lítico, o pico, canto tallado monofacial apuntado, que polas súas características morfotipolóxicas púxose en relación cos atopados na costa asturiana e vencellados co marisqueo de moluscos, todo fai indicar unha maior presenza deste tipo de actividades na economía das comunidades mesolíticas.

A ubicación de asentamentos neolíticos e túmulos megalíticos en puntos da costa suxire a posibilidade do uso dos recursos mariños polas comunidades neolíticas.



Se ben a primeira evidencia directa procede do cuncheiro de Guidoiro Areoso, fechado na transición do terceiro ó segundo milenio a.C., e onde se documenta a actividade marisqueira de especies propias do contorno do depósito.

Aínda que as comunidades da Idade do Bronce de seguro aproveitaron os recursos intermareais e, posiblemente, tamén a pesca, vai ser co desenvolvemento da Cultura Castrexa cando se teñan sinais evidentes e se documente con maior rigor o aproveitamento do mar tanto na actividade marisqueira como na pesqueira.

A través dos cuncheiros dos castros costeiros (vg. Santa Tegra, A Guarda) podemos observar a grande importancia que acadou, na súa dieta alimenticia, tanto a actividade marisqueira coa explotación dos recursos intermareais (lapas, mexillóns, ourizos, percebes, etc.) como a pesqueira (as espiñas de maragota, muxo, robalo, xurelo, etc.).

Co advenimento da Cultura Galaico-Romana introducíranse aparellos de pesca, tipo tramallos e almadrabas, a fabricación do garum, factorías transformadoras dos produtos da pesca, como a de salga na vila de Adro Vello (O Grove); así como a técnica de construción de salinas, que deron nome á terra do Salnés ou da súa posible existencia no Porto de Mougás (Oia), debido ó descubrimento de certas estruturas pavimentadas e mercede á inferencia microtoponímica (Salina e Siñas) das terras do contorno.

Coa chegada dos pobos xermánicos desaparecen as noticias vencelladas co mundo do mar dada a escasa información aportada polas fontes escritas e arqueolóxicas.

Haberá que esperar ó séc. XII para ver xurdir comunidades de pescadores ou burgos marítimos ó amparo das vilas como Pontevedra e para que se teñan ordenacións e doazóns feitas a comunidades como A Guarda ou Baiona.

Os monarcas irán facendo concesións de enclaves costeiros de pescadores ás diferentes institucións relixiosas, como é a concesión que fai o rei Sancho IV en 1286 ó mosteiro cisterciense de Santa María de Oia co privilexio de ter vinte pescadores para o seu abastecemento no seu couto.

Tamén irán outorgando privilexios ós propios mariñeiros e vilas, como o que realiza Alfonso IX ós veciños da vila de Baiona eximíndoos do pagamento de portádego en todo o reino. Ademais de facer concesións e privilexios, os monarcas tamén ditarán normas, como por exemplo en Pontevedra, onde non pagaban portádego badeixos nin polbos pero si congros, sardiñas e pescadas.

Se ben a igrexa conseguiu dos reis posesións na costa e fomentou as actividades relacionadas co mar e a ocupación poboacional da beiramar, nembargantes houbo tamén comunidades que tiveron a súa orixe a partir de certas faenas vencelladas coa agricultura, como é a recollida do argazo para o abonado das terras de cultivo, e coa actividade da extracción do sal. O traballo nas salinas foi outro dos factores que incidiron no proceso de adaptación e transformación do labrego en mariñeiro.

Os burgos marítimos, cos seus gremios de mareantes e confrarías, farán xa desde a Baixa Idade Media ordenanzas de pesca tentando pór orde no emprego das artes, e coa pretensión de monopolizar as faenas pesqueiras con máis medios de produción en detrimento dos pequenos propietarios que empregaban artes máis selectivas.

A través das variadas fontes de información, como as alcabalas, os preitos ou os sucesivos censos (vg. Catastro de Ensenada), podemos coñecer a contía económica xerada pola pesca, as disposicións municipais sobre prezos de peixes, as ordenanzas sobre as artes empregadas, así como o desenvolvemento dos núcleos de pescadores, os tipos de embarcacións e as artes que empregaban.

A mediados do século XVIII van chegar ás costas galegas os cataláns, xunto con vascos e mesmo casteláns. Os primeiros asentaron as súas factorías de salga nas costas, chegando a posuír unhas 320 das 400 que había no litoral no ano 1808. Van introducir un novo método de prensado, co que o peixe quedará mellor salgado e aproveitarase o saín. Introducirán para realizar as capturas da sardiña a arte da xábega, ou bou cando era arrastrada desde o barco en marcha.

Os almacéns de salga tipo catalán perdurarán até o século XX, pero xa na segunda metade do XIX van aparecer as primeiras fábricas de conservas. A



pasteurización e o proceso de envasado con aceite en vidro ou en lata vai comezar en Noia no 1850, seguíndolle outros.

Xa na segunda metade do XIX aparecen en Galicia os primeiros barcos movidos a vapor, que van coexistir cos de vela e remo, o que permite un menor esforzo, maior autonomía e capacidade de movemento e unha superior forza de arrastre.

Coa entrada no século XX chegan novos aparellos, como as traíñas, tarrafas, bous e perellas. Vai ser no primeiro terzo deste século cando a frota arrastreira acada un grande pulo faenando nas pesqueiras de Canarias, Escocia, Portugal e mesmo Terranova.

PUBLICACIÓNS DE TOPONIMIA COSTEIRA

Se queremos saber os nomes das rúas dunha vila hai rueiros publicados, ou algún planiño dan na oficina de turismo ou, no seu defecto, haberá listaxe no concello correspondente. Cousa semellante acontece cos nomes dos barrios e se de leiras se trata moitas figuran no catastro. Pero resulta que a nós interésanos saber os nomes do mar, das pedras, dos distintos accidentes costeiros, do fondo. Para iso comezamos pola publicación de máis difusión: a *Aeroguía del litoral de Galicia* (1998), que empraza catorce topónimos na baía de Baiona, tres deles fóra de sitio; fixemos outra cata na Guarda: doce nomes, catro deles desprazados, algún (Playa Area Grande) máis dun quilómetro; non dicimos nada do topónimo "Castro Celta" para o castro de Santa Trega.

Analizamos o Mapa Topográfico (M.P.) 261.I Baiona, do Instituto Xeográfico Nacional, e no mesmo espazo que antes, xa temos dúas dúas de topónimos, tres deles dislocados (Praia Portocelo, Praia R.Branças, Praia Area Fofa).

O M.P. 298-IV A Guarda aporta dezaseis topónimos incorrendo en varios desprazamentos.

Acudimos ás listaxes do último catastro (1989) e a limitación é evidente, no mar non hai propiedades entón non aparecen nomes das pedras do mar, si de propiedades ribeireñas.

Dediante do improdutivo deste tipo de pescudas fixemos entón unha achega á bibliografía marítima e mariñeira e certamente atopamos textos –artigos, libros e revistas– que tratan dos máis variados aspectos deste mundo tal como embarcacións, (MÖRLING, 1989), artes de pesca (CALO, 1980; EIROA, 1997), a industrialización (CARMONA, 1997), a envexa (GARCÍA ALLUT, 1999), a idiosincrasia das xentes do mar (CALO 1996), o asociacionismo (PEREIRA, 1992), traballos tanto puntuais como xerais sobre Baiona e A Guarda (ALONSO, 1996; ÁLVAREZ, 2002). O resultado canto a toponimia redúcese a unha cita de Calo Lourido (1996) sobre as marcas e os derroiteiros particulares, unha cita de Creus Andrade tamén sobre as marcas no mar. Algo máis explícito e extenso é Eliseo Alonso (1996) que no capítulo "Los mares en donde pescan" cita e define bastantes marcas dos mariñeiros da Guarda e algunhas dos de Baiona e Canido, pero non as sitúa en ningún mapa nin carta náutica.

No libro de poesía e fotografía de mariñeiros da Guarda titulado *Gameleiros* (2002) os autores ofrécennos unha listaxe dun par de centos de topónimos nas lapelas do libro, que aluden a lugares entre Oia e Montedor, pero tamén sen situar en carta nin mapa.

Seguimos a teimar na procura dos nomes do noso mar, no mar da Guarda e Baiona. Tentámolo entón en publicacións especializadas en toponimia, percorremos teses de doutoramento, o clásico de don Abelardo Moralejo, etc., e só atopamos o seguinte:

- *Hidrotoponimia de la Ría de Arosa*, de don Manuel Rodríguez Rodríguez, Santiago, 1976, que constitúe o primeiro intento serio: recolle uns 2.700 topónimos dos cales só sitúa algúns nun mapa despregable da ría de Arousa. Na definición de cada topónimo indica as coordenadas.

- O libro anterior está editado polo seminario Fontán-Sarmiento de haxiografía, toponimia e onomástica de Galicia, é o número VII dunha serie da cal o nº II trata a parroquia de Camposancos, obra de don Antonio García Lago, que titula "Prospección toponímica modelo y su reducción a papeletas para consulta y estudio en este seminario" (Santiago, 1976), incluída no libro do mesmo autor *Crónica biográfica de Camposancos y su entorno* (1998). Dedicada un apartado ó oeste da parroquia, outro ás ribeiras do Miño e do mar e outro ás pesqueiras. O resultado é a xa respectable cantidade



Mapa de Fernando Ojea 1603


de 52 topónimos costeiros, tamén sen emprazamento en mapa ningún.

- Praxiteles González publicou no ano 2000 *A terra das nosas raíces. Topónimos e motes de O Rosal e A Guarda*, que presenta relación alfabética de topónimos e emprazamento en mapas de feitura do autor. Aporta para as parroquias de Camposancos e A Guarda máis de 90 topónimos.

- Para o caso de Baiona foi Gerardo Sacau quen publicou *Os nomes da Ría de Vigo. Cabo Silleiro-Berbés* (Instituto de Estudos Vigueses, Vigo, 1998). Na introdución márcase o obxectivo de recoller “pois a meirande parte da microtoponimia do litoral que vai desde CABO SILLEIRO...”. No espazo da baía de Baiona recolle e analiza uns 40 nomes tamén sen apoio cartográfico.

Outro dos pasos andados foi consultar nas confrarías e comandancias de Baiona e A Guarda sobre os nomes do mar, os nomes do seu mar. O resultado foi parcial; a confraría da Guarda editou no 2003 o “Catálogo do litoral rochoso” cuns 170 topónimos sobreimpresionados en fotografías aéreas recollidos na súa maior parte da información de percebeiras da zona coas limitacións que iso conleva. Son moitos topónimos, máis dos que nunca se publicaran, hai traslacións espaciais, grafías incorrectas, nomes recentes do colectivo percebeiro que esquece o nome antigo e baixa densidade con respecto á realidade.

No ano 2004 a confraría de Baiona publicou *Aeroguía litoral do ámbito territorial da confraría de Baiona* con 400 topónimos comunicados por nós; faltan para a zona, uns 200 topónimos máis, xa recollidos.




Mapa de Tofiño 1787

Optamos entón por consultar cartas náuticas modernas e antigas. Entre as modernas corresponden á nosa zona as cartas náuticas do Instituto Hidrográfico de la Marina cos números 416B "Ría de Vigo", 417 "De Islas Cies al Río Miño", 4167 "Puertos de Panxón y Baiona" e a carta 51 do Instituto Hidrográfico de Lisboa "Barra e Porto de Caminha"; así como o libro de "Faros y señales de niebla" Parte I e o "Derrotero de la Costa NW de España que comprende desde La Estaca de Bares al Río Miño".

Baleiramos a colección documental de cartas náuticas, mapas, planos, atlas e derroteiros da Biblioteca Penzol (BP), da Biblioteca do Museo de Pontevedra (MP) e da Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago co apoio dos libros de Gonzalo Méndez: sobre os mapas no

Arquivo do Reino de Galicia (Méndez, 1994) e da colección Puertas-Mosquera (Méndez, 2000).

Comezamos pola "Tabula Secunda Europa" de 1520 con nulo aporte para a zona que nos ocupa; en "Claudii Ptolemaei..." (1525) xa aparece Baiona (sic), aínda que formando parte de Portugal. Moi cedo, na "Hispania Nova Tabula" de 1547 aparecen "Bayona" e "M. De Boy" (Monte Boi) e no 1588 no mapa de Portugal feito por Vernando Alvaro Secco para o "Theatro de la Tierra Universal" de Abraham Ortelio temos "Os Lobos" o "Cabo Syluro" (Silleiro), "C.Baiona" ou "Ins.deorum Ptol.". Fernando Ojea no 1603 publica "Bayona", "R.Ramallosa", "Moserte" e "C. Siluro". Até a 2ª metade do séc. XVIII aparece o cabo Silleiro grafado como



Mapa Antonio Doral 1850

Phazel, Phasellis, Phaselis, Pasellis e por suposto Siluro, Syluro, Sillero, Silleira.


Imos entón tomar como mostra de análise o tramo de costa que vai desde A Meda –noroeste de Monteferro– ó Cabo Silleiro e para iso escollemos seis cartas náuticas e dous derroteiros que compararemos co froito da nosa recollida.

A mellora cartográfica substancial vén da man de Vicente Tofiño de San Miguel que fixo o levantamento da costa galega entre 1786 e 1787 dentro da edición do atlas e derroteiro das costas de España. Ofrécenos uns mapas cun debuxo limpo, moita información batimétrica e a primeira vez que aparece información sobre o fondo.

Tofiño empraza 17 topónimos que melloran substancialmente o número ofrecido por mapas anteriores; achamos castellanizacións (Ladera, Hornos, Bayona) e grafías erradas (Sentaulo, Gaiteras).

Entre 1791 e 1794 confecciona Eustaquio Giannini outra carta náutica entre as Sisargas e o Miño con 33 topónimos –sempre nos referimos da Meda a Silleiro– a castellanización de Sentulito (Centuliño), Puerta Real, Halladizo (A Chadisa) e o que tamén podemos considerar castellanización ou mala grafía en Bayona, Panjón. Mal escritos están Coraceiro (Guraseiro), Bayna e Caralón. Aporta datos distintos ou novos como “Garita Monte Ferro”, chámalle Punta da Porta ás Gateiras, “Bajo de Pego” ó Cabezo de San Xoán ou O Pedestal e “Punta de Piedra echadiza” a un punto do Monte Lourido.

Consonte avanzamos no tempo aumenta o número de topónimos. Así Antonio Doral en 1850 publica a carta da Ría de Vigo con 34 topónimos e castellanizacións (Lamedas, Centollito, Abadejero, Punta del Buey e El Halladizo), mal grafados outros (Guiteras, Mexeluido, Madorras, Valiza Baiña, Piedra Carrol pola Carral, Piedra Corbira pola Pedra dos Corvos de Silleiro e Punta de Bacas) e dous hoxe en desuso (Groseira, El Pombal).



Francisco Coello


Seis anos máis tarde Francisco Coello ocúpase da confección dun atlas de España e posesións de ultramar para arrequeantar o dicionario de Pascual Madoz no referente á provincia de Pontevedra dedícalle un bo mapa á baía de Baiona con 42 topónimos e as pertinentes castellanizacións (Bayona, Panjón, El Cangrejo, El Can, La Barbera, La Conchera, P. de los Hornos), nomes hoxe non coñecidos (Peñasco de Abro en Laxes, Olinos na Tenaza, El Espigón ó norte da Cuncheira e a Restinga de Lana na Negra), outros que non chamamos así (Punta de Ferro na Meda, Monte de Foz por Monte Lourido, Los Lobos de Guión en Silleiro e chamarlle a este Cabo Silleiro o de Cela), malas grafías (Sentoulo, Centoulo, Río Miñor, Peñasco de Baina, Curazeira) e dislocacións (o Centoulo nas Gateiras e "Punta de los Hornos" na Area das Vacas).

A carta que elabora José Cardenet a bordo do vapor Urania e publicada en 1912 ofrece 47 topónimos coa curiosidade de chamarlle xa "Pico Sansón o Virgen de la Roca" cando este monumento se iniciará no 1910 e non se inauguraría até 1930. Incorre en varias castellaniza-

cións (Lameda, Panjón, P. del buey, Bayona, C. Del Buey, Halladizo, Carallones).

Dando un salto cronolóxico até 1986, a carta 4167 do "Instituto Hidrográfico de la Marina" en edición do 2002 empraza 60 topónimos con erros (Río de Baina, Riveira, Piedra Bombardeiro), novidades (Río Muñíos, Playa de América, Piedra Rapa) e castellanismos (Bajos Carallones, El Can, Piedra del Caballo, Punta del Buey, Bajo Cabeza del Buey, Bajo El Halladizo).

Canto ós derroteiros son moi explícitos tanto o de 1908 como o de 1915. O primeiro cita 62 topónimos sendo repetitivo nos castellanismos (El Halladizo, Lameda, Panjón, La Laje, Rabo del Asno, Los Caballos, Piedra Centollito, Punta del Buey), e nos erros (Los Callones, Abajadero, Los Caballos, Punta Real, Corbiro –a Pedra dos Corvos de Silleiro–, El Porte –O Poste dos Carallóns–) con topónimos non coñecidos hoxe (Pombal, La Pinta) e curiosidades como Centolo de Punta Lameda, chamarlle La Isleta á península de Santa Marta e Playa de las Monjas á Ribeira.



Cardenet 1912

O de 1915 dá un salto considerable ofrecendo 94 nomes da nosa costa sen dislocacións pero si con castelanismos (Punta Lameda, Carallones, El Can, El Halladizo, Cabezo del Buey, Punta del Buey, Petones de Fornos) mal grafadas Polveira, erros en Punta Rodada e Bombardeiro e curiosidades, outravolta Centolo de Punta Lameda, a primeira vez que aparecen Freu de la Estela para Entre as Estelas e “Cabezo de San Juan” para o Baixo do Pego ou O Pedestal; nunca aparecera tampouco o Seco de Monteagudo entre o anterior e a Punta do Castro, nomea Playa de El Pozo en Baiona e chámalle Playa de la Ramallosa á Ladeira.

O fío condutor do presente artigo é o coñecemento dos nomes do mar, agora centrados na baía de Baiona entre A Meda e Silleiro, as cartas náuticas consultadas, amén de mapas, atlas e derroteiros fornecen 130 topónimos para este espazo xeográfico.

Ó longo desta análise observamos unha mellora na calidade da cartografía, co salto cualitativo xa indicado co traballo do brigadier Vicente Tofiño, concluímos

a presenza xa citada de castelanismos que redundan nos mesmos topónimos (Lameda, Buey, Halladizo,...), algúns erros nas grafías, o que non resulta raro logo de cartografar miles de quilómetros de costa, dislocacións non abundantes (“Centoulo”, “Hornos”), a constatación de topónimos que hoxe non usan os mariñeiros nin aparecen nas cartas, ben por desuso ou porque foron xa un erro no momento da edición (Restinga de Lana, Peñasco de Abra, El Pombal, El Islote, Los Lobos de Guión). É interesante a achega de datos arqueolóxicos e/ou históricos como a existencia de facho e garita en Silleiro e Monteferro.

Por último podemos indicar que entre todos os mapas, atlas, cartas e derroteiros antigos e modernos consultados –de 1520 ó 2002) damos coñecido uns 130 nomes da costa entre A Meda e Cabo silleiro, cantidade xa importante da que poderíamos ficar contentos, pero xa ollamos como a recollida da tradición oral aportou uns 300 topónimos neste tramo costeiro o que valoriza e fai imprescindible o traballo de campo.



TOFIÑO 1787		
Monteferro C° Sentaulo Islas Estelas Estela de Tierra Estela de la Mar P ^{ta} Gaiteras	P ^{ta} del Castro Río de Canido P ^{ta} de la Foz Arenal de la Ladera P ^{ta} y Capilla del Burgo Bayona	P ^{ta} de Sansón del Norte P ^{ta} de Sansón del Sur P ^{ta} de los Hornos C° Silleiro

GIANINI 1794		
Punta de Monte de Ferro Punta de Porta Islas Estelas Bajo Caralón Garita de Monte de Ferro Punta Porticelo Punta Madorra Punta y lugar de Panjón Bajo de Pego Arenal de Panjón Puerta Piedra Echadiza	Alto de Lourido Río y puente de la Ramallosa Arenal de Ladeira Arenal y lugar del Burgo Villa de Bayona Piedra Bayna Cubierto Coraceiro Piedra Sentolito Monte Real Bajo Puerta Real Tenaza	Figueiras Cubierto Fragallosa Cubierto Halladizo Monte Sansón Punta Baredo Ensenada de Cela Punta de Fornos Cabo Silleiro Piedra Corbira Lobo de Silleiro C° Silleiro

DORAL 1850		
P ^{ta} Lameda I ^{te} Centulo P. Guiteras ó Mexeluido Canal de la Porta Estela de Tierra Estela de Mar Restinga de Laxe Bajo de San Francisco Balo Grande P ^{ta} Groseira	P ^{ta} Feital P ^{ta} Madorras C ^o El Pombal Bajo Abadejero Bajo del Pego Playa de Panjón Alto de Lourido Valiza Baiña Centollito P ^{ta} de la Tenaza	La Fragallosa P ^{ta} del Buey El Halladizo Monterreal La Conchera P ^{ta} Sansón del Norte P ^{ta} Sansón del Sur P ^{ta} Area de Bacas Area de Arquíña Piedra Carrol

COELLO 1856		
Cabo Sentoulo ó P ^{ta} de Ferro Monte del Ferro y Facho del Centoulo C. del Centoulo ó de las Gateiras Estela de Tierra Estela de Mar Restinga de Lana Los Carallóns Peñasco de Abro P ^{ta} del Castro Panjón Playa de Canido Monte de Foz	Río Miñor o de Ramallosa Peña de la Garza Playa de la Ramallosa Peñasco de Baina N.S. del Burgo El Burgo Bayona El Cangrejo Curazera La Barbera Olinos (escollos) La Tenaza Bajo de la Fragallosa Cabo de Boy	Torre del Príncipe Castillo de Monte-Real El Espigón La Conchera P ^{ta} Sansón del N. P ^{ta} Sansón del S. P ^{ta} de los Hornos Río de Baredo P ^{ta} Area de Arquíña Los Lobos de Guion Cabo Silleiro ó de Cela Facho o Garita del Sillero



GARDENET 1912		
P ^{ta} Lameda M ^{te} Ferro Canal de la Porta Las estelas Carracuido Carallones Serralleiras La Negra P ^{ta} Gateiras Porto Celo Arribas Blancas Area Fofa P ^{ta} Madorra Playa del Castro Panjón	Playa de Panjón Río de Canido Playa de Canido M ^{te} Lourido Insuela Playa de la Ramallosa ó de la Ladeira Punta S ^{ta} Marta Playa del Burgo Río del Burgo P ^{ta} Garza El Caballo Baiño P ^{ta} Santiñas Punta Tenaza	Punta del Buey Cl ^{lo} Monte Real Cabezo del Buey Halladizo Pico Sansón o Virgen de la Roca P ^{ta} Sansón Ens ^a Bombardeira Area das Vacas Ens ^a Tío Andrés P ^{ta} de Fornos C ^o Silleiro Lobato Polveiras El Lobo

CARTA 4167. 1986		
Punta de S.Benito o El Puntal Monte Ferro Monumento a los Mártires del Mar Punta Gateiras Canal de la Porta Laxe o Meixueiro Islotes Las Estelas Estela de Tierra Piedras Ferralemes Freu de las Estelas Estela de Mar Entrada de Carracuido Piedra La Negra Bajos Carallones Bajo de San Francisco Playa de Porto Celo Punta Groseira Ensenada de Arribas Blancas Punta Feitales	Punta Madorra Punta del Castro Bajo El Can Bajo de Pego o Cabezo de San Juan Ensenada de Baiona Panxón Playa de Panxón Río Muíños Playa de América Punta de la Redada Monte Lourido Islote Piedra de la Garza Piedra del Caballo Playa de Ladeira Punta Santa Marta Playa de Santa Marta Río de Baina O Burgo Bajo Buraceiro	Playa de la Riveira Playa Barbeira Punta Tenaza Bajo Picacho Punta del Buey Bajo Cabeza del Buey Bajo El Halladizo Monte Real Puntal del Gobernador Playa de La Concheira Punta Sansón Piedra Rapa Piedra Bombardeiro Punta Salgueira Ensenada Bombardeira Punta Area das Vacas Caleta Area das Vacas Ensenada del Tío Andrés



DERROTEIRO 1908		
Punta Lameda Centolo de Punta Lameda Canal de la Porta Bajo de la Porta Bajo Meixueiro Monte-Ferro Bacoura Restinga de las Estelas La Estela de Tierra La Estela de Mar Islas Estelas Canal de las Estelas Bajo de San Francisco Los Callones La Laje El Porte La Pinta El Rabo del Asno Playa de Porticelo	Arredada de Porticelo Punta de Castro Balo Grande Arredada de Castro Playa de Panjón Panjón Playa de Castro ó de Panjón Abajadero Pombal Bajo de Pego (Cabeza de Pego) Canido Puntal da Foz ó Alto de Lourido Los Caballos Río Miñor o Ramallosa La Isleta Capilla del Burgo ó de Santa Marta Piedra Baiña Piedra Centollito Rodal Guraseiro	Bayona Playa de las Monjas Baluarte del Cangrejo Punta de la Tenaza Baluarte de San Antoni Punta Real Monte Real Torre del Príncipe Punta del Buey La Fragallosa La Concheira El Halladizo Sansón del N. Cabo Silleiro Los Lobos de Silleiro Lobo de Silleiro Corbiro Carral

DERROTEIRO 1915		
Centolo de Punta Lameda Peñón de Punta Lameda Bajo de San Francisco La Negra Rabo del Asno Altar del Carallón Pedra que Bole Carallones Serralleiras Entrada de Carracuido Freu de la Estela Ferralesmes Punta Longueirón Meixueiro Restinga de las Estelas Canal de la Porta Estela de Tierra Estela de Mar Islas Estelas Monte Ferro Punta de S. Benito o El Puntal Punta Gateiras Punta de Balo Grande Playa de Porto Celo Punta Groseira Arribas Blancas Punta Feitales Area Fofa Punta Madorra Playa de Castro	Punta del Castro Pueblo de Panjón Seco de Monteagudo El Can Bajo de Pego ó Cabezo de San Juan Playa de San Juan de Panjón Río de Canido Playa de Canido Punta Redada / Punta Rodada Piedra del Caballo Piedras de la Garza Monte de Lourido Insuelas Río Miñor Playa de la Ramallosa ó de Ladeira Playa de Santa Marta Punta de Santa Marta Playa del Burgo Baíño Playa de El Pozo Buraceiro Riveira Bayona Punta Santiñas Playa Barbeira Punta del Cangrejo Torre del Calabozo Punta de la Tenaza Secos de Puerta Real Picacho	Cetárea Punta de San Antonio La Fragallosa El Halladizo Cabezo del Buey Punta del Buey Punta Gobernador Torre del Príncipe Monte Real El Balneario La Concheira Punta Sansón Piedra Rapa Punta Salgueira Bombardeiro Ensenada Bombardeira Punta Area das Vacas Area das Vacas Ensenada del Tío Andrés Punta Pedra Alta Petones de Fornos Ensenada de Fornos Punta Peso Cabo Silleiro El Lobo Polveiras Carral Corbeiro Lobato Laxe del Lobo



Recollendo argazo a principios do século XX na Cuncheira

A RECOLLIDA ORAL

Constatamos entón a precariedade da información toponímica costeira, polo que decidimos recorrer á información oral, para o que entrevistamos a máis de corenta homes e mulleres vinculados dunha maneira ou outra á costa. Como estamos analizando un medio no que a propiedade privada é practicamente inexistente e o apoio documental non enche as necesidades de saber que desexamos, a figura do informante é insubstituíble, é o posuidor dunha riqueza camiño da desaparición, un camiño sen volta, porque o tempo non perdoa e fai que a colleita deba ser agora ou nunca. Queremos salientar reiteradamente que sen o saber recollido da memoria do informante este artigo sería imposible. Eles, polo tanto, son os verdadeiros autores. O noso achegamento á realidade dos nomes da costa é dobre, por unha parte o tramo de costa que queremos estudar e por outro a persoa ou persoas que nos van facilitar a información. Cando isto fixemos observamos que é completamente distinto o xeito de ollar a costa dun mariñeiro de gamela que o dunha muller que recolle argazo ou un home ou unha muller que collen percebes e incluso

dentro dos mariñeiros que veñen polo mar cara á costa e que traballan máis ou menos lonxe da costa a maneira de coñecer e nomear o mar é distinta. Non é o mesmo pescar nas beiradas, que nos secos ou que nunha allada. Dependerá do peixe perseguido e da arte usada e da embarcación. O mariñeiro ten que coñecer a etoloxía animal para enganalo e pescalo; os hábitos, os hábitats, as épocas, o tirón dos mercados,... É por isto que temos que coñecer ben o mundo mariñeiro que leva centos de anos nomeando o seu mar, auga e pedras.

Percebeiros, percebeiras e argaceiras. Algún argaceiro

Requiriría un estudo histórico o aproveitamento do argazo para estercar os campos, para darlle de comer ós porcos e para uso químico industrial. A xente tanto apañaba o argazo que o mar levaba ás beiras como segaba o argazo cunha fouce cun mango que se achegaba ós tres metros. A pesar do longa e pouco habitada que é a costa



Percebeiras. Foto JDaniel

de Silleiro ó Miño en certos lugares de Oia e O Rosal foi tanta a presión sobre o medio que chegou a existir a figura do ribeireiro, que era o home que regulaba a apañadura do argazo. Así avisaba da súa existencia, marcaba unha raia trala cal había que depositar o argazo apañado,...

Podíase apañar cando saía o sol pola Agoeira, entón os argaceiros botábanse a correr para coller un feixe de argazo e volver axiña ás pedras para estendelo e marcar o mellor tendal onde o ía secar. Este núcleo de poboación que hoxe é Portecelo naceu a partir das casetas que alí tiñan os veciños de Marzán e Novás para durmir e gardar o argazo que apañaban cunha especie de ganapán aquí chamado rede e noutros lugares caramueiro ou clamoeiro; con el desde as pedras ían recollendo o argazo. Esta intensidade de actividade económica produciu unha densidade toponímica superior a outras zonas, nomes para as casetas, (A Caseta do Fondo ou A Corte Vella, A Caseta Alta, As Casetas), para os tendais (Os Tendales, A de Aurora, A da Felicia) e para as pedras desde as que apañaban (O Aguión, O Cabaliño, A Rosaria).

Hai mulleres que se dedicaron ó argazo e tamén ós percebes, vale aplicar a mesma necesidade nominativa para os dous oficios, para comunicárense e emprazar os lugares de traballo teñen que ser precisos, moi precisos, polo que non nos estraña que no Cabo Silleiro un mariñeiro aporte uns 30 nomes e un percebeiro case vinte máis nomeando cada pedra produtora do preciado crustáceo.

Os mariñeiros

Pasamos lixeiros por percebeiros e argaceiros. Canto ós mariñeiros que explotaron durante centos de anos os recursos que lle ofrecía o mar, son homes que practicaron un tipo de pesca tradicional con embarcacións a remo e vela –as gamelas- e lanchas que aplicaron a forza das máquinas de vapor e gamelas que usaron dos motoríños a gasóleo. A introdución da moderna electrónica cos GPS e antes o uso da sonda eléctrica modernizou un xeito de marcación de perigos e lugares de pesca que durante séculos se fixo mediante marcas.

Xa explicamos atrás que o produto a tirar do mar é un ser vivo do cal hai que coñecer os seus hábitos alimenticios, migratorios, lugares nos que vive,... Só así o saber humano podía contrarrestalos para pescalos; deste coñecemento nace un tipo de embarcación adaptada ó lugar de pesca –distancia do porto, fondo, movemento do mar, espazo para mariñeiros, artes e capturas,...-, créanse un tipo determinado de artes de pesca –redes, nasas, liñas- da máis variada tipoloxía.

Un mariñeiro, un bo mariñeiro, se quere triunfar no mar ten que aplicar tódolos seus sentidos e combinar unha longa serie de coñecementos que levan ó resultado final que é a pesca e a supervivencia nun medio indómito, variable, inestable. Un bo mariñeiro ten que preparar a embarcación –pintado, calafateado, velas, remos, temón-, as artes –axeitadas á especie que tenta pescar-, coñecer o tempo atmosférico, a evolución do mar, no fondo e en superficie, estar preparado para evitar ou salvar marusías, néboas, ventos; ten que coñecer o comportamento animal e por suposto coñecer a xeografía mariña do seu lugar de traballo que normalmente acada varias ducias de quilómetros cadrados. Isto supón coñecer o perfil costeiro, accidentado no caso de Baiona, con penínsulas, illas, illotes, baixos... tanto para sortealo na derrota diaria como para a produción piscícola. Pero supón coñecer algo máis difícil: o fondo do mar. O mariñeiro que se prece coñece o fondo do seu mar, sabe onde hai rocha, area, cuncha, rocha con fango ou sabe da extrema entre a rocha e a area e sabe onde emerxen rochas desde o fondo: este coñecemento é acumula-



tivo, secular. Sabe se hai 5, 10, 15, 20, 30,... brazas de fondo, sabe a natureza da súa constitución, o que supón que se sondou coa chamada SONDA ou CHUMBEIRO consistente nunha lenza ou corda que leva un chumbeiro ou unha pedra oca na parte baixa na que se lle puña sebo. Tiña unha dobre función: saber o fondo do lugar (unha braza = 1'81m) e que había nel -cunha, area, pedra, lama,....-

AS MARCAS

Dediante da inexistencia antano de aparellos electrónicos que emprazasen ó home no mar -de día e de noite-, este tiña que valerse das marcas para evitar atrancos na navegación e para situarse no punto de pesca desexado. Para iso usan dúas coordenadas imaxinarias que se cruzan nun punto determinado. O trazado das coordenadas faise con marcas nos montes e en lugares máis próximos ó mar ou, no caso da baía de Baiona, vale como marca a progresiva aparición da Illa Norte das Cíes ou Sías oculta trala Illa do Sur, a de San Martiño. Tanto os puntos de referencia como o un punto marcado no cruce das coordenadas teñen nome. Imos entón analizar algo polo miúdo este eido da creación mariñeira de topónimos.

O fondo do Val Miñor está fechado por unha serra, a do Galiñeiro que supera os 700m de altura, corre N.S. e os distintos altos, cortadas, tetiños, mogotes son válidos para marcar. O nome dado a estes montes unhas veces coincide co nome coñecido deles e outras veces é dado polos mariñeiros e non coincide co que os paisanos de Gondomar lle dan. Así, comezando de norte a sur, temos:

- O Fillo ou O Neto do Galiñeiro
- Peitíeiros do Norte e do Sur
- Santa María da Alba
- Os Aforcados
- O Galiñeiro do Norte
- O Galiñeiro do Medio
- Monte Parada
- O Galiñeiro do Sur
- A Marca de Respingo
- As Marcas de Muíños
- As Marcas da Alta



Foto JDaniel

- A Marca Gorda
- Santantón
- A Alta

Noutras partes tanto do Val Miñor como da costa até A Guarda:

- María da Manta
- San Cibrán
- O Monumento
- A Roca
- Lourido
- A Casa do Cordoeiro
- A Boca do Río
- San Cibrán
- A Torre do Príncipe
- O Castelo de Monte Real
- O Corveiro da Estela de Terra
- A Mesiña ou o Altar da Estela de Terra
- O Corveiro da Estela de Fóra
- A Mesiña da Estela de Fóra
- A Bacoura
- A Pedra que Bole
- O Centulo
- O Faro Vello
- O Faro Novo
- A Devanadura
- A Carreira Vella
- O Mogote da Sentinela
- O Mogote da Rubia
- Santa Trega
- A Groba



Máis polo norte hai marcas na Illa (As Cíes por antonomasia):

- Cabo de Bicos
- A Xesteira
- Monte Pereiro
- Os Muíños
- Area de Sardeiros
- Sardeiros
- Pé de Cabra
- A Agoeira
- O Fillo de Sías /Cíes
- Area da Mosca

E incluso na ría de Vigo:

- Cabo Estai
- O Castro
- O Gagán
- O Burro
- Mama Sabrosa

Unha particularidade é o uso dos distintos lugares que van aparecendo da Illa Norte -oculta trala Illa de San Martiño- consonte nos arredamos no porto de Baiona cara ao oeste. Estes puntos son:

- O Medio Collón
- Un Collón
- Collón e Medio
- Os Dous Collóns
- Dous Collóns e Medio
- Os Tres Collóns
- O Lombo da Mareira
- A Primeira Mama
- A Segunda Mama
- A Terceira Mama
- As Catro Mamas
- As Marcas do Foxo
- Os Pelos de Monteagudo
- Monteagudo
- Papatalas
- Monte Calvo
- Arga. Este é o último monte que aparece; por conseguinte é cando máis lonxe se está de Baiona, polo que usan a expresión "irse de Arga" para indicar que se vai moi afora.

Aquí presentamos o resultado da recollida oral de topónimos na baía de Baiona e zona inmediata:

RODRÍGUEZ / VILAR 2004

- A Meda
- O Centulo
- A Parede
- O Baixo Alto
- A Laxe
- O Baixo de Sudoeste
- Rapachaquetas
- O Patín da Meda
- O Baixo de Barreiro
- A Aguda
- A Herbeira / O Sutil
- O Poste
- As Pinisas Grandes
- As Pinisas Pequenas
- Monteferro
- O Monumento
- O Charco
- A Punta da Mexiloeira /As Gateiras
- O Baixo da Porta /O Meixueiro
- A Porta
- As Estelas
- A Estela de Terra
- A Bacoura
- A Carreira da Bacoura
- A Carreira de Panxón
- O Corveiro
- O Corveiro da E. de T./ O Navío Galán
- A Mesiña / Altar da E. de T.
- O Bochinche
- O Serrón da E. de T./ Os Xuncos
- A de Cortes
- A de Barra
- Rapapandullos
- A Allada da Estela
- Ferralesmes
- Rapatimóns
- O Través
- Os Platillos das Estelas
- O Rego da Bacoura
- O Larido
- O Paso do Larido
- Entre as Estelas
- A Estela de Fóra
- O Corveiro da E. de F.



Monteferro

O Monumento

A Tinalla

As Pinhas Pequenas
As Gateiras

O Charco

San Benito

A Herbeira
O Sutil

A Aguda
O Patin da Meda

O Baixo de Barreiro

A Parede

As Pinhas Grandes

A Meda
O Centulo

A Poza da Cavosa

A Laxe

Chan Furado

O Baixo Alto

O Baixo de Sudoeste

Rapachaquetas

O Lazo Grande

A Espadela

Os Baixos de Serra

A Passaxe de Gova Xabel

Gova Xabel

O Pozo dos Cans

A Praia de Serra

O Puntal de Serra

A Estela de Serra

○ Monumento

Monteferro

Valo Grande

As Lavasas

O Rego da Porta

As Pinhas Pequenas

As Pinhas Grandes

A Tindalla

A Medea
O Centulo

A Punta da Mexiloeira

As Gateiras

O Charco


San Benito

A Herbelira
O Sutil

A Aguda

○ Baixo de Barreiro

A Porta



Rapachouetas
O Baixo de Sudoeste
A Laxe
O Baixo-Alto

A Parede
O Baixo de Barreiro
O Centulo
A Meda

As Phisais Grandes
A Herbeira
O Sutil

San Benito
O Rego da Bacoura
A Bacoura

As Phisais Pequenas
O Charco
A Carreira de Pamón

A Porta
A Carreira da Bacoura

A Estela de Terra
O Paso do Lariño
O Lariño

Os Platlillos das Estelas
Entre as Estelas
Rapapandullos
Ferratermes
Rapapandullos

A Estela de Fóra
O Traves
A Mesinha do Carveiro
O Carveiro

O Cabo das Pombas
A das Pintos
Os Pitoelios

O Lanqueirón
O Lonqueirón

As Serralleiras

A Pedra de Laxes
A Pedra Redonda

A Galada
Pan Centeo

Os Biscainos
O Biscaino

O Serrón de Noroeste

A Negra
Os Fillos da Negra
As Negriñas

A Negra de Terra
A Meda de Laxes

O Baixiño

O Cabezo Vivo

Carracuido

Santana

A de Lanarín

O Poste
Os Cataláns

A Laxe do Norte
A Laxe de Leste
A Laxe do Suroeste

A de Cortés

A Tinalla
As Gatelas/A Punta da Mexiloeira

O Mexuelo
O Baixo da Porta

O Corveiro da Surf
O Navio Galán
O Bochinche

A Mesina
A Allada da Estela de Terra
O Serrón dos Xuncos

Rabudáns/ Rabudasmas

O Pereiro

O Serrán da Negra

A Negra Serrón de Nordeste

Os Biscailhos As Serralleiras

Os Biscailhos

A Galada

A Pedra que Bola

O Baloiño

A Pedra das Ploas

O Corveiro

A Pedra Redonda / Rapatimons

Ran Centeo

Os Carallons

O Poste

O Cabezo Vivo

A de Landín

Santana

O Longueiro

Carreido

Os Pintocellos

A dos Pintos

O Cabo das Pombas

A Mesfina do Corveiro

O Corveiro

Entre as Estelas

Ferreleimes

Rapatimons

Rapapandullas

A de Barra

Os Sertons

Os Xuncos

O Navio Galán

O Corveiro do Sur

O Carveiro do Norte

A Poiteira

O Baixo da Poiteira

O Muxueiro

O Baixo da Poiteira

O Muxueiro

O Baixo da Poiteira

O Muxueiro

O Baixo da Poiteira

O Muxueiro

O Baixo da Poiteira

O Muxueiro

O Baixo da Poiteira

O Muxueiro

Estela de Fóra

Estela de Terra





A Mesiña do Corveiro
 A Bombardeira
 O Longueirón
 O Rego da Londra
 O Pintoeiro / A dos Pintos
 O Cabo das Pombas
 A de Landín
 Rapatimóns
 Carracuido
 Santana
 Pan de Centeo
 A Pedra Redonda
 A Pedra de Laxes
 A Gaiada
 As Serralleiras
 As Serralleiras de Terra
 As Serralleiras de Fóra
 Os Biscainos
 A Pedra que Bole
 A Meda de Laxes
 O Serrón da Negra
 A Negra de Terra
 Os Fillos da Negra / As Negriñas
 A Negra
 O Serrón de Nordeste
 O Baixiño
 O Cabezo Vivo
 O Pequeno Paso
 Pan de Centeo Pequeno
 O Pequeno Paso
 O Carreiro
 O Serrón do Naranxo
 O Naranxo
 Os Carallóns
 O Poste
 A Laxe do Norte
 A Laxe de Leste
 A Laxe de Sudoeste
 O Petón de Sueste
 O de Blanco
 O Pereiro
 Rabudasnos
 Mar de Frades
 Rabudos
 O Baixo de S.Francisco
 A Tinalla
 O Rego da Porta
 O Rego do Coello
 As Lavasas

A Furna
 As Estelas de Portocelo
 Portocelo / A Praia das Caniñas
 O Corveiro
 Os Cuitelos
 Seixos Negros
 O Rego da Londra
 Ribeira de Porcas
 A Praia do Andarín
 Arribas Brancas
 A Furna
 Feitales
 Area Fofa / A Praia de Farruco
 A Madorra / A Praia do Castro
 O Castro
 A Punta do Castro
 A Furna
 O Rego da Furna
 O Porto de Panxón
 O Sinal
 A Praia de Panxón
 A Istrumentada
 O Centoleiro
 Rapatimóns
 O Pego
 O Aposento
 O Cabezo de San Xoán ou O Pedestal
 O Can
 O Badexeiro
 O Cabezo da Oliveira
 Gaifar
 O Río de Canido
 A Praia de Canido
 Praia América
 A Praia de Lourido
 A Redada
 Lourido
 O Funcón
 A Arca do Demo
 A Anchousa
 A Garza
 O Cabalo / O Varón
 A Praia de Castaño
 Os Baixos do Areón
 A Punta da Ladeira
 A Ladeira
 A Boca do Río
 A Foz
 O Miñor



Prata de Lourido

A Punta da Enredada

O Funcón

Lourido

Prata do Castaño

A Anchousa

A Pedra da Garza

O Almacén

A Foz
Río Miñor

Boca do Río

O Cabalo

O Varón

Os Baixos do Arech



As Amos

A Ribeira

A Ponta do Cantino

A Barbela

A Doca

A Movella

As Figueiras

A Praia dos Frades

A Cunchelha

Enseada de Mirambell

Puntal de Amor

O Baixo da Cunchelha

O Puntal do Foxo

A Pedra do Governador

O Boi



A Rampla de Ruíz
O Almacén
A Insua
Os Xuncos
O Peirado
As Areas
O Río da Groba
O Río da Quirincova
Os Tendais
Area
As Pedras do Medio
Praia de Santa Marta
Santa Marta
O Picoto
Cagar de Vacas
A Pedra Baiña / O Varón
O Río de Baiña ou da Maré
A Praia de San Esteban
Debaixo do Pozo
A Ribeiriña
As Amós
A Ribeira
A Movella
O Centuliño
O Guraseiro
A Ribeira
O Cantiño
A Barbeira
A Tenaza / O Calabozo
A Doca
Porta Real / Os Secos de Porta Real
O Picacho
As Figueiras
A Fragallosa
O Boi
A Cetárea
A Cetárea de Serapio
A Pedra do Gobernador
O Cabezo do Boi
A Chadisa
A Mesiña
A Praia dos Frades
O Puntal do Foxo
A Cuncheira
Os Baixos da Cuncheira
O Balneario
A Palma
A Ensenada de Mirambell
O Puntal de Amor

Sansón
Os Tres Pasos
O Baixo de Judas / O Seco de Judas
Rapacarrallos
A Mediña
A Lagadiza
A Enseada dos Nove / da Bombardeira
Salgueiras
Os Petóns da Bombardeira
A Bombardeira
As Cachadiñas
Enseada do Ramal ou da Gancha
A Punta de Balea
Area das Vacas / Caga de Vacas
A Pedra dos Demos
A Xangada
A Redonda
O Coruveiro
Porrido
O Monete
Padarnela
O Puntal das Figosas
A Condada
A Enseada dos Loureiros ou de Cova de Baredo
A Enseada de Pedra Alta
Campo de Lume
O Cabezo de Campo de Lume
Serreira
A Pedra Alta /A Arquiña
O Baleal
O Outeiro do Baleal
O Niño do Corvo
Os Mouróns / Os Petóns de Fornos
Enseada de Fornos
O Peso
As Fontiñas
O Lobato
Cabo Silleiro
A Batería de Silleiro
O Faro Vello
O Carreiro / O Paso da Carral
A Devanadoura
O Outeiro da Carral
A Gaiada
Os Picachos
As Centolas
A de Barros
O Carreiro do Medio ou da Aguieira
A Aguieira



As Bravas do Norte
 A Laxe do Leste
 O Carreiro do Lobo
 O Lobo
 O ABC / A Laxiña
 O Lobiño
 A Pedra Alta
 O Pozo da Aguieira
 A Negriña
 A Polbeira
 A Campana
 Os Cabezos da Polbeira
 A Hucha
 A do Reló
 A do Gouldrón
 O Cunichán
 A Atravesada
 A Cagada /A Pedra Redonda /A Pedra dos Corvos
 A Parexa do Norte
 A Parexa
 A Parexa do Sur
 A do Rego
 O Baixo de Ignacio
 A dos Choscós
 As Veigas
 Rañacús
 As Pulgas
 A Enseada das Pulgas
 O Josesiño
 O Cunchido

O “DERROTEIRO” DE SELEGANTE

Oír falar a un mariñeiro de marcas é un auténtico desafío á memoria. Con Pepe Selegante (1916) botamos tardes enteiras sen sermos capaces de agotalle as que sabía, adubado sempre con historias de pesca, marusías, competencias e incompetencias de mariñeiros, anécdotas,... coa particularidade de posuír unha libretiña coa indicación de máis de 50 marcas, lugares de pesca, algunhas marcas incluso cun croquis e ademais escrito en galego. Valeunos de gran aporte toponímico, foi o documento que maior número nos aportou, uns 165 na baía de Baiona (incluídas marcas en terra) e ó norte e o sur dela, sobre todo na Illa.

Transcribimos dúas páxinas:

“Cabezo Vivo”

O Centulo abicado por a Estela de Fóra e Cabo de Vicos (sic) a unha pedra que está sola por terra de Pedras de Laxes e sinón as catro Pedras de Laxes a Monte Pereiro.

As catro Pedras de Laxes a Area da Mosca de Cabo de Home á primeira empezando por Cabo de Home e os mojotes de Blanco ó cuarto empezando por o norte á Torre.

A Negra de Terra a o medio do Centulo e o Faro Novo avicado hay dous postes hay outro por a terra.

A Torre a resbalar por o norte da Negra a un mojote que sale por o Monumento encima da esquina do norte do Cuartel dos Soldados o mojote que marca para Rabo de Asno.

O mariñeiro bo tiña centos de marcas na memoria, dominaba o fondo, no caso de Baiona dunha área que calculamos próxima ós 100 km² e, como vemos, as marcas eran dotadas de nomes, tanto o que servía de xeradora de puntos de apoio en terra como o propio lugar que indicaba e así naceron os topónimos do mar.

Aínda que lle désemos hoxe esta información a calquera mariñeiro de Baiona para localizar zonas de pesca o primeiro problema que tería sería non saber emprar os nomes que se lle dan ós accidentes xeográficos en terra, o mesmo Selegante nos dicía que xa no seu tempo de mariñeiro en activo había homes que preguntaban polas marcas da Alta, que pensaban, contaba con retranca, que eran os Galiñeiros, A Groba, o Rosal até Canarias.

A continuación un índice toponímico de lugares no mar e marcas en terra que nos aporta a libreta de Selegante.



ÍNDICE TOPONÍMICO

A

Area de Sardeiros
A Agoeira
Os Aforcados
O Altar da Estela
Area da Mosca
O Alto de Silleiro
A Alta
A Agueira
Almena

B

A Baleaza
A Bacoura
Boca de Ola
O Barco
O Boi
A Boca do Río
A Beirada do Norte
A Beirada do Sur
A Bombardeira
Barbate
Barra
O Burro
O de Blanco

C

Cabo de Bicos
Carracuidos
As Catro Mamas
O Cabezo do Boi
O Castro
O Cabo Estai
A Cortada
O Carreiro do Medio
A Carral
O Cabezo da Pedra Alta
Conejo
O Corveiro da Estela de Fóra
O Corveiro da Estela de Terra
Cabezo Vivo
O Cuartel dos Soldados
A Casa de Mirambell
O Centulo
Collón e Medio
O Canón de Silleiro
O Canón da Estela de Fóra

O Cagado
O Corno de Silleiro
Cancelos
O Collón
O Castelo (O Castillo)
Cies
A Chadisa
Cruz de Almena
Cabo de Home
O Corveiro da Agoeira
O Cabezo de San Xoán

D

A Dovanadura
As Dúas Mamas

E

A Estela de Terra
A Estela de Fóra
Entreserra

F

O Faro Vello
O Faro Novo
O Fillo de Cies
A Fandiña de Fóra
Fornos
O Facho de Barra

G

Gavotos de Fóra
Galiñeiros
Gagán
Galiñeiro do Sur
O Gaiado
A Groba
Gavotos

L

O Lobo
Laxes
A(s) Laxe(s) de Sueste
A Laxe da Marca Gorda
A Laxiña do Lobo
O Longueirón
O Limpo do Centulo
A Laxe de Entreserra de Fóra

A Leste do Lobo
O Limpo de Conejo
Lourido

M

Monteagudo
A Marca de Respingo
A Marca dos Muíños
Mama Sabrosa
Monte Pereiro
Monte Ferro
As Marcas de Santantón
O Maragoteiro
Monte Parada
María da Manta
A Mesa do Corveiro
O Melaso
A Marca Gorda
As Marcas da Alta

N

O Navío Galán
A Nova
A Negra
As Negriñas
A Negra de Terra

O

Onde Varea o Melaso

P

O Palacio
Os Pelos de Monteagudo
Peiteiros
Peiteiros do Sur
A Porta de Cies
A Primeira Mama
A Porta
A Pedra Alta
O Poste
Praia América
A Parede
Panxón
Pereiro
As Pedras de Laxes
Pan Centeo
A Pedra dos Picos

A Pedra dos Corvos de Carracuido
O Pedestal
As Polbeiras
A Pedra que Bole
O Pé de Cabra
O Peso

R

Rabudos
Rabudasnos
O Robaliseiro
Riodoses
A Rubia
A Roca
Rabudasnos de Fóra
Rabudasnos de Sueste

S


Santa Trega
O Seco da Fandiña
O Seco do Nordeste de Rabudasnos
Santantón
As Serralleiras
O Seco das Serralleiras
O Seco de Fornos
Sansón
Silleiro
San Cibrán
A Sentinela
O Serrón (do Naranxo)
San Cosme
Sías
Santa María de Alba
O Seco da Baleaza
Sardeiros

T

A Tenaza
A Torre (do Príncipe)
O Través
Toralla
Toreros
A Torre do Reló


X

O Xuramentado



Derroteiro de Selegante

Derroteiro de Selegante





NOMES MARÍTIMO-FLUVIAIS EN CAMPOSANCOS

Se no entorno baionés foi Albino o Gabirro o informante para a liña costeira e Gito, Manolo Ratel, Manolo o Gardés e sobre todo Selegante para As Estelas e os fondos, aquí no Miño e na costa campusina foi Jesús o Patapá e José Antonio Lomba e Remigio Álvarez entre Camposancos e alén do porto guardés. O río é outro mundo de marés, movemento dos areos, tipos de peixe (meixón, lamprea, truita, sable) e polo tanto de artes (tramallo, biturón, a rede do meixón, o alxarife, etc.). Un mundo internacional no caso de Camposancos, antano industrial e comercial, e un tramo marítimo A Guarda riquísima en argazo, robalos, percebes, bois, mexillón, congros, ... que levou a unha explotación intensa que xerou unha densidade toponímica inusual; falamos de 140 nomes en 2 km de costa do Puntal a Fontequente, que é o sector marítimo de Camposancos, deixando a un lado os fondos fronte a costa traballada polos mariñeiros da Guarda usando marcas nos montes portugueses (Cousso, O Gaiado, Arca Fechada, Mama Sabrosa).

Salientamos outravolta o valor de Jesús de Patapá, informante que nos indicou máis de 200 topónimos que pasamos a enumerar:

Río Miño
As Argazosas
O Forno do Duque
As Pedras da Senra
As Fontes
A Escola da Pasaxe
A Fonte da Pasaxe
A Area
As Pesqueiras dos Xesuítas
O Colexio dos Xesuítas
As Casetas dos Ovos
A Pasaxe
A Rampla d'A Pasaxe
O Porto d'A Pasaxe
O Muelle d'A Pasaxe
Os Ferros
O Fondón de Seixas
O Prado
O Muelle das Motoras
A Docca de Serrerías
A Fábrica "Serrerías del Miño"

O Muelle do Serrucho
A Roncadeira
A Roncadeira de Terra
O Muelle dos Trozos
O Muelle da Punta
O Muelle do Sal
O Muelle da Cal
O Muelle dos Buracos
Os Tendaes do Caldeiro
O Muelle Novo
A Pedra do Porto
A Praia da Noria
A Noria
A Praia do Caldeiro
O Caldeiro
A Cabra
O Canón
O Puio
A Pedra do Barqueiro
As Lobeiras / As Oliveiras
A Oliveira de Fóra
A Oliveira de Terra / As Pedras de Dentro
A Pedra da Ovella
As Pedras do Monte
A Pesqueira do Caldeiro
As Pedras do Caldeiro
O Codesal
A Armona
O Muelle da Armona
O Cagatorio
A Fragua
A Corveira
A Punta da Corveira
A Pedra do Berto
A Lamiña
O Rebollo / O Reboulo de Terra
O Rebollo / O Reboulo de Fóra
Os Fillos do Reboulo
O Cabrón
A Cabeza do Cabrón
A Alcancia
A Laxita
O Ribelciño
A Pedra dos Bois
As Pedras do Forte
A Cova do Forte
A Pesqueira de Baixo / A Pesqueira Pequena
A Pesqueira de Riba do Forte / A Pesqueira Grande
O Penedo do Forte / O Outeiro



- Pozo
- A Praia
- Guincho / ○ Gancho
- Os Alastres da Praia
- A Pesqueira do Tomón / A Pesqueira de Porto Madeiro
- Porto Madeiro
- A Pesqueira dos Banquillos
- Os Banquillos
- Muíño do Forte
- Muíño de tío Sindo o Paragüeiro
- Feno
- Puntal / A Punta de Barbela
- A Pesqueira do Puntal
- Barbela
- Penedo do Puntal
- As Pedras de Alfonso Cruzado
- A Robaliceira
- Detrás da Robaliceira
- Rego da Pisa
- Rego do Pan
- Rego de Alfonso Cruzado
- A Insuíña
- As Laxes
- A Entrada á Pinaza
- A Pinaza
- A Laxe
- Detrás das Laxes
- Pozo da Barbela
- Penedo do Pozo da Barbela
- Alboio
- Púlpito
- Rego do Púlpito
- Porto Santo
- Rego de Porto Santo
- As Laxes de Porto Santo / ○ Alto de Porto Santo
- A Redonda
- Detrás da Redonda
- A Cruz de Porto Santo
- Porto de Seixos / Porto de Xuncos
- Os Ferranchos
- A Pedra de Porto de Seixos
- A Cronqueira
- A Cronqueira de Fóra
- Pozo da Cronqueira
- A Fonte dos Bechos
- Detrás das Travesas
- Petón da Caramuxeira
- Petón da Entrada da Caramuxeira
- A Caramuxeira
- A Ladeira do Sollás
- Petón do Sollás
- Canto do Pozo
- Outeiro do Sollás / A Pedra Alta
- Petonciño do Porto de Sollás / ○ Petonciño da Rampla do Sollás
- A Rampla do Sollás
- Porto do Sollás / ○ Porto da Pedra Alta
- A Laxe de Telviña
- Pozo de Luís
- A Eiriña da Luisa
- A Luísa / A Luísa de Dentro
- Petón da Luísa de Fóra
- A Luísa de Terra
- Os Pozos da Cadea
- As Laxes de Cu Quente
- Petón da Torre
- Rego da Torre
- A Torre
- Pozo da Torre
- Sarrido
- A Ladeira de Sarrido
- Laño da Orosia
- Laño da Grande
- Laño do Sur
- As Quintáns do Sarrido
- Laño do Quico
- A Lapa Falsa
- A Pedra de Baixo / A Pedra do Queimado
- Viveiro
- Pozo da Pedra de Baixo
- A Pedra do Padexal
- Pozo do Padexal
- A Campana
- Os Outeiros da Mariña
- Paso do Crunguido
- Rego do Crunguido
- Seixal
- Crunguido
- Petón de Crunguido
- Pozo do Costado / ○ Pozo das Cangrexas
- A Pedra dos Serráns
- Paso da Queixada
- A Queixada
- Os Laños da Poza
- Rego das Pozas
- A Pirimbola / A Piríngola
- As Pozas
- A Laxiña



A Calma de Rebel / Ribel
Rebel / Ribel
Os Baixos do Oropesa
O Petón de Ferro
Os Petóns de Rebel / Ribel
Os Petóns do Sur de Rebel / Ribel
As Portas do Mar
Pedra Longa
A Pedra do Tío Pirocas
A Carrascosa
A Eiriña de Rebel
O Posto do Murgas
O Desembarcadeiro
A Pedra Redonda
O Norte de Rebel
O Petón do Norte
A Porta do Mar do Norte
Piqueira
A Fonte de Apique
A Fonte do Cu Quente
A Chor
Fontequente
O Pozo de Fontequente de Riba
O Pozo de Fontequente de Baixo / O Pozo do Home
A Pedra do Home / A Santiña
Pedroso
O Laño do Pireguas
O Camiño do Sur
O Petón da Argola
O Cabalo de Crunguido
Os Laños da Entrada da Queixada
O Laño de Fóra
Os Laños da Poza
Apique
O Pozo do Costado de Riba / O Pozo Largo / O Pozo das Enguías
A Lapa Falsa
O Laño do Sur / O Laño Grande do Sur
O Pozo do Lumear
O Pozo do Inferno
O Pozo das Pozas
Os Petóns de Apique
O Outeiro de Pedroso
A Laño da Pedra dos Serráns
Os Laños do Petón da Argola
Os Tres Laños de Pedroso
Os Arroios
O Ulleiro
O Camiño de Crunguido

O Cabalo
As Pías
Súafonte
Os Matos das Pozas
As Leiras da Torre
Os Muños / O Muño do Outeiro Pequeno
O Laño Grande de Pedroso

No limiar sinalamos que toda a información atopada sobre a zona ofrecía un máximo de 60 nomes das Argazosas a Fontequente e ollamos como a realidade desvelou 200 nomes máis. Á par da recollida fomos informados de artes de pesca, unhas vixentes e outras en desuso; así: a roda de acirrar a liña, o tramallo, o ganapán, a rede do meixón, acirrar ó zumbalé "as varas do Crongo", os bicheiros do polbo, o fouciño e a rede do argazo, a raña dos percebes, a cana, pesqueiras,... E tamén de naufraxios: o Constantino Candeira, o barco do Queimado, o Cabo Oropesa, un iate quizais do norte de Europa,... algúns non aparecen nos libros de naufraxios (Pazos 2001, 2002; Patricio, 2003). O Cabo Oropesa deixouulle o seu nome ós Baixos do Oropesa ó sur de Rebel, outro barco ó Porto do Queimado.

OS XENÉRICOS

A necesidade de categorizar os tipos de fondos, de rochas, de montes e a liña costeira levou o mariñeiro e máis o que traballa desde terra a usar unha serie de palabras propias de cada zona que caracterizan a orografía á que se están a referir, de maneira que a mesma orografía noutro lugar da nosa costa recibe un nome distinto.

O xenérico (s/a, s/d "Proxecto...", "Manual...") pode ir incluído no topónimo ou non. Hai casos nos que os xenéricos van modelando, definindo máis agudamente unha realidade orográfica. Por exemplo, o topónimo O Sollás, na parte marítima de Camposancos, é precisada con:

A Rampla do Sollás
O Petonciño da Rampla do Sollás
A Ladeira do Sollás
O Petón do Sollás
O Porto do Sollás



Ou na extrema entre Mougás e Baredo temos:

A Negra
 A Negra do Medio
 A Negra de Fóra
 As Negras
 O Barco da Negra
 A Hucha da Negra
 A Cama da Negra
 A Enseada da Negra

Esta riqueza de vocabulario reflicte a profundidade de análise que o home efectuou sobre o medio, que deixou pegada na toponimia e na fala. Así, tanto dunha coma doutra, tiramos unha serie de xenéricos costeiros que pasamos a enunciar e tentar definir. Quizais o máis rechamante sexa o de **seco**, que bole constante na lingua mariñeira de Baiona e refírese a unha importante variedade do fondo, é aquela parte emerxente nun fondo máis ou menos uniforme, é dicir, nunha zona de 20 brazas de fondo atópase un sector con 14 brazas: isto é un seco, unha elevación do fondo, un outeiro que nas súas beiras vai criar peixe. Saber ducias de secos na zona de traballo propia é vital para poder pescar e sábese deles grazas á experiencia persoal, familiar e comunitaria, non sen ocultacións como mecanismo de preservación dunha fonte de produción. É doado que os mariñeiros comenten como colleron tal rumbo para enganar ós outros cando o sitio ó que ían estaba no rumbo contrario. Dentro da uniformidade da superficie do mar para saber volver a un seco ou outro lugar de pesca son imprescindibles as marcas das que xa falamos.

O fondo pode ser de pedra e chámase **limpo** cando está formado por area, se é só unha mancha de area é nomeado por **allada**, se a mancha é alargada é un **rego**. Saben ademais se esta area é lamenta ou hai cuncha ou mistura. A zona de contacto entre o limpo e a superficie rochosa é a **beirada**. Analisar o fondo é necesario porque dependendo da súa natureza así serán os animais que alí se crían, son distintos os peixes das rochas (maragotas, robalizas, curbelos) que os do fondo de area (linguados, sollas, rodaballos).

Para un profano na arte de marear e na arte de pescar as pedras son un termo xeral abranquedor dunha realidade xeolóxica e orográfica. No caso que nos ocupa son nomeadas segundo o emprazamento, tamaño, cor,

tipo de animais que alí se crían e/ou viven. Un **baixo** é unha rocha que pode descubrir na baixamar ou que rompe con mares fortes, están achegados a terra. Úsase un ricaz vocabulario dos efectos da auga sobre eles: *mira como lava, como refoufulla, rebenta, vela, cubre, rompe*, pode estar *anagado, ser falso*. Quen mellor marca a súa existencia é a formación de ondas, escuma, rompente nos seus arredores.

Ó longo de toda a costa empregan o termo **petón** que veñen ser rochas que asoman á superficie que decote cobre a preamar. E nas que peta o mar e estoura temos Os Petóns de Fornos en Baredo pero sobre todo úsase na Guarda: Os Petóns do Sur e do Norte diante das praias de Fedorento e Area Grande e en Ribel e O Petón da Argola, O Petonciño do Sollás,...

Cando unha laxe sempre submariña, que non descobre coa baixamar, se olla desde a embarcación porque só ten un par de brazas por riba chámalle unha **olga**, e aínda que nos falaren das olgas con argazo do sur dos Carallóns non recollemos este nome como xenérico incluído en ningún topónimo. Outro tratamento que teñen aquelas pedras sempre cubertas é o de **cabesos** pero que rompe con marusías: O Cabezo do Boi, O Cabezo do Lobo, O Cabezo Vivo, máis usado na fala viva que nos topónimos.

En Camposancos empregan **ladeira** para unha zona pétreo máis baixa ca outra, como usan **eiriña** a rocha plana (A Eiriña da Luísa); en toda a costa un **laño** é a racha, burato na pedra que cría peixe: O Laño do Crongo, O Laño Grande, O Laño do Sur, O Laño da Orosia, O Laño do Pireguas, ... En Baiona étendeuse á fala usado como "lugar abundante en..."; así, un laño de grilos, un laño de peras, ... Entendemos como porto o lugar de abrigo natural ou artificial para fondeadeiro e descarga de embarcacións de maior ou menor porte dotada dunha serie de servizos (surtidor de combustible, lonxa, cámaras para o peixe, a carnada, varadeiro, ...), pero nós recollemos varias ducias de portos na nosa costa no tramo de Silleiro a Camposancos nos que un **porto** é un pequeno entrante do mar na costa, ás veces nin é posible ou é moi dificultoso desembarcar (O Porto do Sollás, Porto de Seixos, Porto de Xuncos, Porto Senín, Portocelo, ...); ás veces é sinónimo de **rego**. Este vén sendo unha zona máis profunda que penetra nas pedras da costa que pode levar o nome de porto, pero outra acepción no río é o dunha zona máis fonda que



posibilita o tránsito e por suposto **regos** son aqueles pequenos afluentes do Miño que drenan as súas ribeiras (O Rego da Gandra, O Rego da Boalleira). Mentras que en Monteferro, por estar constituída esta península por estratos de xisto flexionados, partidos e hoxe disposto de xeito completamente vertical xeran entradas do mar na terra con configuración de canle, polo que temos na Cansadoura O Rego do Castaño, O Rego do Carreiro, O Rego da Furna e noutros sitios polo sur de Monteferro O Rego da Porta, o do Coello, o da Londra e outra vez O Rego da Furna e outro Rego da Londra na Estela de Fóra.

O home do mar chama restinga á serie de baixos, cabezos, illotiños que na toponimia ficou como **serrón** (do Naranxo, do Lobo, de Nordeste) e os destes dunha serra evocaron tamén A Serreira, O Sarrido (en Oia, Portocelo e Camposancos), O Poste de Entreserra, A Praia e O Puntal de Serra, As Serralleiras.

É moi común o nome de **laxe** cando a rocha presenta unha superficie achanzada aínda que se lle chama laxe a rochas que dubidamos que sexan chans, así A Laxe do Lobo, A Laxe de Leste, A Laxiña todas n'O Lobo de Silleiro, aínda que son moi chans Laxe de Can, As Laxes, A Laxe de Telviña, todas na Guarda.

Hai rochas subsidiarias doutras de maiores proporcións como A Mesiña do Corveiro da Estela de Fóra ou **mesaña** é tamén unha rocha que hai na parte alta de cada Estela e que vale como marca.

É moi abundante o topónimo **corveiro**, son aquelas rochas que non cobren e reciben o beneficio dos excrementos ó seren pousadeiro de corvos mariños e gaivotas; así, corveiros hai o de Portocelo e en cada unha das Estelas e no leste das Pedras de Laxes en Silleiro temos A Pedra dos Corvos, tamén chamada A Cagada, en Mougás Con Cagado ou Cancagado e aproveitamos para sinalar que o termo con ficou, aínda que escaso (O Con, O Con do Xan, Con Cagado), na nosa toponimia contándose por ducias na recollida da ría de Arousa (Rodríguez, 1976).

Se viamos atrás como os espazos tamén tiñan nomes (portos, regos) hai outros espazos que reciben o nome de **carreira, paso** ou **carreiro** que é un lugar habilitado tanto polas características do fondo como pola situación do mar –preamar, baixamar, calmo ou marusía–.

Usar estes lugares de tránsito depende do prognóstico que faga o mariñeiro, unha mala avaliación pódelle custar a vida.

Ó lugar de entrada e saída a outro espazo maior chámalle **porta**, o acceso á Calma de Rebel son As Portas do Mar, na entrada norte do Miño temos A Barra de Portas, entre Monteferro e A Estela de Terra, A Porta, na Doca hai Os Secos da Porta Real e fóra do noso ámbito entre A Illa do Sur e A Illa do Faro temos A Porta Pequena e entre a do Norte e O Morrazo A Porta Grande. As cartas náuticas chámalle O Freu da Porta á Porta Pequena e O Freu das Estelas ó que recollemos como Entre as Estelas, dubidabamos se **freu** –do latín *fretus-us*, porta– sería un catalanismo aportado por alguén dos redactores das cartas e derroteiros, ollándoo por primeira vez no derroteiro de 1915 (s/a, 1915). O certo é que na fala viva foi Selegante quen nos dixo que para pasar por un lugar complicado –carreiro, paso, carreira– ou acceder a un porto antes hai que “*estar ó freu*”, é dicir, en posición a embarcación e nas condicións óptimas o mar.

A proce dencia dos nomes

A pouco que repasemos a listaxe dos topónimos concluímos que proceden da observación aguda da natureza e as súas circunstancias.

Polo **xeito de romper o mar** hai:

- A Bombardeira
- A Bombardeira da Estela
- Os Platicillos das Estelas
- Os Petóns de Fornos
- Os Petóns do Sur
- A Pedra que Bole
- ...

A colonización de plantas e animais confírelle unha coloración escura. De aí:

- A Negra
- A Negra de Terra
- Os Fillos da Negra ou As Negriñas

outra Negra, de Terra, do Medio e de Fóra en Silleiro:



O Serrón
A Pedra Rubia
Seixos Negros
Arribas brancas
...

Pola **forma** chámasele:

A Devanadoura
O Barco
A Cama da Negra
A Meda
A Meda de Laxes
A Mediña
O Gaiado
As Catro Mamas
O Navío Galán
Monteagudo
A Aguda
Os Picachos
A Pedra dos Picos
...

Polo **uso dos lugares existen:**

O Desembarcadouro
As Siñas
As Salinas
A Cetárea
A Pesqueira
A Camboa
O Forte
A Torre
O Monumento
A Rampla
A Vía
O Faro Novo
A Farola
O Faro Vello
...

Atopamos antropónimos naquelas rochas nas que faleceu algunha persoa ou era usada como lugar de pesca ou foi un pesqueiro descuberto por alguén:


Onde Varea o Melaso
O Seco do Judas
O Mar de Amberes
A Pedra do Aceiteiro

A Rosaria
A Esperanciña
O Joseño
As Pedras de Alfonso Cruzado
O Laño da Orosia
O Laño do Pireguas
A Rosaria
Toreros
O Con do Xan
...

É cuantiosa a listaxe de topónimos que aluden a **animais** que alí viven, péscanse, vararon ou teñen certa similitude física:

Balea
O Baleal
O Baloeiro
O Pozo da Londra
O Rego da Londra
O Centuliño
O Centoleiro
O Baixo das Centolas
As Centolas
O Centulo
A Punta Lagosteira
O Lagosteiro
O Robaliseiro
A Robaliceira
O Maragoteiro
O Pozo das Cangrexas
O Boi
O Cabalo
O Pozo dos Cans
Ribeira de Porcas
O Corveiro
A dos Pintos ou O Pintoeiro
A Pedra dos Serráns
A Caramuxeira
O Porto das Caramuxas
O Guraseiro
O Lano do Congro / Crongo
A Crongueira
Crunguido
...

E xa por último podemos mentar os **naufraxios** xa que evitalos é a causa da necesidade de marcar e nominar os perigos que ofrece a derrota polo mar. Pero



Gamelas e gameleiros diante do Highland Pride.

ás veces unha ou varias circunstancias deixan homes e embarcación ó capricho dos baixos e non tan baixos e das ondas. Os barcos naufragados en varios casos deixaron pegada na nosa toponimia.

O 5 de abril do 1900 a lancha de pesca "La Regente" foi ó fondo por terra de Silleiro morrendo os seus once tripulantes (Pazos, 2001); por este accidente coñécese o lugar coma a do Peito Ancho que era o alcuño dalgún dos tripulantes (Juan Manuel Ramos, Julio Ramos).

O 25 de xaneiro de 1906, por fóra de Silleiro, ó pé da Atravesada, enxurrou o barco inglés Collingham non morrendo ningún dos seus 24 tripulantes. Viña de Alexandría cargado de semente de algodón rumbo Shaspues (El Miñor, 27 de xaneiro de 1906, nº63; Pazos, 2001; Patricio, 2004). Á pedra na que varou chámasele hoxe O Cunichán.

Preto do baixo anterior en 1931 foi ó fondo o pesqueiro ABC, no lugar hoxe así coñecido; se desta volta o 25 de xaneiro morreron os seus oito tripulantes, o 1 de outubro de 1958 partiulle o eixo de cola ó "Cabo Villano" e morreron 3 dos seus cinco tripulantes, un dos supervivintes é un dos nosos informantes, Remigio Leyenda.

En 1917 enxurrou o Cabo Oropesa nos baixos do SO de Ribel n'A Guarda, hoxe son Os Baixos do Oropesa. O barco sería recuperado e abordado e afundido entre Sálvora e Corrubedo o 15 de decembro de 1929 polo barco noruego Ciss (Pazos, 2001, 2003; Patricio, 2004).

Enfrente dos Baixos do Oropesa, na liña de costa temos A Pedra de Baixo tamén chamada A Pedra do Queimado xa que alí bateu un pesqueiro que tiña como un dos propietarios a un home alcumado o Queimado.

Ó norte de Portecelo hai a pedra chamada San Francisco por ir ó fondo un pesqueiro portugués así chamado. Morreron tódolos ocupantes.

Na Boca do Sur da ría de Vigo temos o lugar chamado O Barco do Sal ou o Conde de Barbate, onde foi ó fondo este barco abordado polo transatlántico francés Colombie o 11 de outubro de 1955 que saía do porto de Vigo. O Conde de Barbate estaba ancorado á espera de que levantara a néboa para entrar en Marín e descargar sal. Morreron cinco dos dez tripulantes.

O estudo dos naufraxios podémolo facer de xeito independente da toponimia e tamén en función dela.



O Facho

San Francisco

Santa Trega

As Laxes do Cu Queente

A Luísa de Terra

Os Pozos da Cadea

O Pozo do Luís

O Petoneiro da Rampla do Soliás

A Rampla do Soliás

A Laxe de Telvina

O Perión do Soliás

A Fonte dos Bechas

O Pozo da Cranquelia

A Laxe de Fátima

A Cranquelia

O Perión da Caramuxella

O Perión da Entrada da Caramuxella

O Perión da Fóra

A Luísa

O Camto do Rezo

A Eiríña da Luísa

O Perión da Luísa de Fóra

O Pozo da Torre

O Rego da Torre

A Torre

O Perión da Torre

O Porto da Soliás

A Laxe de Fóra

O Outeiro do Soliás

A Pedra Alta

O Perión da Fóra

Os Muños

O Muíño de Outeiro Pequeno

O Razo do Madanz

O Razo de

Porto Santo

Porto de Seixos

Porto de Xaricos

A Pedra de

Porto de Seixos

O Perión de

Porto de Seixos

Os Ferrancho

A Travesa

Defrás das Travesas

O Perión de

Porto de Seixos

A Pedra de

Porto de Seixos



De maneira independente fomos acumulando datos a partir de fontes orais, do baleirado de tódolos números que se conservan na Biblioteca Pública Municipal de Baiona dos periódicos “El Valle Miñor” e “El Miñor” de comezos do século XX. Baleiramos tamén o libro de actas de defunción do xulgado de paz de Baiona entre os anos 1899 e 1936 e tamén algún libro da comandancia de mariña da Guarda. Estes baleirados valéronnos para tentar detectar novos topónimos quizais en desuso. Polo momento só atopamos A Rampla de Mirambell ó sur da Cuncheira (Baiona) e a combinación de datos orais, xornalísticos e documentais alármannos sobre o descoído da toponimia nas publicacións de naufraxios na costa galega. Pasamos a describir eses erros.

La Regente enxurrou na costa de Baredo entre A Arquiña e O Baleal, é moi impreciso dicir a carón do faro de cabo Silleiro (Patricio, 2004).

Segue sendo impreciso dicir que o *Collingham* enxurrou nos baixos de Cabo Silleiro pero erro maior é emprazar a varada do *Cabo Oropesa* “entre los bajos de Pedralba y Rabelina inmediatos a la barra del río Miño”; realmente foi ó SO de Rebel ou Ribel, 1.500m ó norte da Barra do Norte do río e ó norte da Pedra Alta ou Sollás, pero nin Pedralba nin Rabelina, que non existen.

Canto ó *Skogland*, que bateu nos Carallóns (Baiona) o 21 de febreiro de 1923, o autor (Pazos, 2001) transcribe que o barco se atopa afundido de proa a 600m da praia da Cuncheira; Os Carallóns fican a uns catro quilómetros da Cuncheira. É Fernando Patricio (2004) quen empraza no mapa da zona o accidente do *Skogland* en Silleiro aínda que no texto di “nos temidos farallóns fronte á costa de Baiona”.

Tanto o *Highland Pride* (setembro 1923) como o *Aslaug* foron ó fondo na Negra, punta norte da restinga que vai de Monteferro, Estela, As Pedras de Laxes. Unha análise polo miúdo diferencia As Estelas, As Serralleiras, As Pedras de Laxes, Os Carallóns e A Negra, aínda que nos textos atopamos unha mistura de todo: “colisionou fortemente coa Pedra Negra dos Farallóns (sic)” para o *Pride* ou “petou nos fondos das Serralleiras” para o *Aslaug* (Patricio, 2004). Pazos (2001, 2003) cita Os Farallóns para este último buque e “As Serralleiras, islotes” para o *Pride*.

No 1930 enxurrou o buque de bandeira grega *Assimacos* no Outeiro Rosaleiro ó sur d’Os Vidros en Viladesuso; Patricio (2004) indica “na laxe dos Videos, xusto fronte ó baixo Robaleiro”. Nin Videos nin Robaleiro. O erro é tremendo en Pazos (2001); di que “debido a la intensa niebla encalló en la playa de Sanín, a poca distancia de la restinga de Cabo Silleiro, el mercante de nacionalidad griega ASSIMACOS...”. De Silleiro a Porto Senín hai uns trece quilómetros, é porto non é praia e foi no Outeiro Rosaleiro.

No 1931 nun baixo a SE d’O Lobo foi ó fondo falecendo os seus oito tripulantes o pesqueiro *ABC* nun baixo hoxe chamado O ABC que Pazos (2001) empraza á altura da desembocadura do río Miño; supoñemos que será un erro tirado da prensa, xa que o lugar do afundimento está a 25 quilómetros do río. Patricio (2004) sitúa a traxedia “no con dos Lobos, na desembocadura da barra do Miño”.

Continúan os erros na narración do suceso do *Thalassa*, acontecido a noite de fin de ano de 1948, no que só se salvou a nena de dez anos, Arnhild (Pazos, 2001, 2003). Fala do paso entre A Carral e O Corveiro contra as pedras que sempre velan chamadas O Lobo. Son realidades orográficas próximas pero distintas. Patricio (2004) “no baixo Lodo”.

Referíndose ó pesqueiro Aralar tanto Pazos (2001) como Patricio (2004) citan a pedra ou o con d’A Loba, o mesmo lugar no que foi ó fondo o *Pride*. Supoñemos un erro tirado da prensa, referíndose Á Negra.

O 20 de maio de 1951 afundiuse o *Cackeren* que “se fue a empotrar en la piedra conocida como A Lagoa perteneciente a Os Farallóns”. Non coñecemos ningunha pedra con este nomes (Pazos, 2001).



O Facho

As Quintás de Agrelo
O Pote
O Cabrón
O Cabalo
A Ladeira de Agrelo
A Marquesa
O Camiño da Marquesa
A Laxe Rubia
As Penizas
Os Caldeiros
A Poza de Agrelo
As Mesas
As Vixaxes
Os Outeiros
A Santina ou A Pedra do Home
O Laño Grande de Pedroso
Os Tres Laños de Pedroso
A Porta do Mar do Norte
O Petó

Campelo



San Francisco

Santa Trega

As Bouzas

A Fonte quente

A Fonte de Apique

O Pozo de Fonte quente de Ribá

A Fonte do Cu Quente

Os Matos das Pozas

A Poza de Fonte quente de Baixo

Fonte quente

Sua fonte

O Cabalo
As Pías

Piqueira

Os Petóns de Apique

Carrascosa

A Laxiña

O Laño de Pireguas

A Calma de Rebel

A Pedra Longa

on do Norte

O Desembarcadero

O Posto do Murgas

Ribel / Rebel

A Pedra Redonda

A Porta do Mar

Entre os Laños

A Eiriña de Rebel

O Norte de Rebel

Os Petóns do Sur

O Petón de Ferro



A Caseta Alta

Porte

O. Es

O Forno

A Fonte de Ladas O Pozo de Ladas

As Laxes de Ladas Vella

A de Corona

A Laxe de Ladas

A Pesca

O Baixo de S. Francisco

A Pedra da Esperanza
ou
Esperanciña

O Infe
da Pesca



A Ribeira ou Arribez

A Ladeira

As Casetas

A Caseta do Fondo ou A Corte Vella

cecelo

O Ayuntamiento
A Caseta Alta
Os Tendales
campado

A Rosaria

As Pedras da Poza A Fonte dos Mouros

A Bañeira

A Pedra do Porto

O Aguión

O Sarrido

O Caballino

As Laxes do Sarrido

Os Lapóns
de Sarrido

A Poza

A Laxe dos Mouros

As Leirinas

A Laxe da Felicia

A Pedra da Esperanciña
ou
Baltasar

A Laxe da Aurora

A Laxe da Tía Casilda

A Furadeira

A Banqueta do Sarrido
ou do Lapón

A Laxe da Grama



CONCLUSIÓNS

Perpetuamos de xeito científico os nomes do mar do treito sur da costa galega, no que vemos un valor antropolóxico ou se queremos chamarlle etnográfico de seu. Nomes que puidemos comprobar que na súa maioría só existen na mente das persoas que os usan ou usaron e que nalgúns casos os crearon.

A recollida da toponimia xamais é o traballo da escrita dun nome, así de xeito seco senón que o encontro co home, coa muller é unha conversa da experiencia vivida. Toponimia vai parella á vida, ó traballo, ó sufrimento e ás festas, ás anécdotas, lendas, naufraxios, pescas,... que enchen o propio topónimo.

É urxente a recollida toponímica en todo o país pero esta necesidade agudízase máis no mar porque aquí non existe a propiedade privada agás nas leiras ribeireñas e, ó non existir propiedade, o nome non se escribe nun documento notarial. Supoñemos o mesmo problema para as zonas montesías sen propiedades particulares onde desapareceu o pastoreo secular ou milenario.

O corpus de nomes creado é utilizable para moi diversos campos de estudo, desde a arqueoloxía, á etnografía, pasando pola filoloxía ou a mesma pedagogía da educación, sen esquecer que é unha terapia para o propio informante, home as máis das veces, de idade que se pode ver superado por esta sociedade de novas tecnoloxías galopantes. O uso terapéutico aplícase ó volverlle os datos por el fornecidos en forma de libro, de artigo de revista, impresos nun mapa ou nunha fotografía aérea do cal el é o autor imprescindible.

BIBLIOGRAFÍA

ALONSO, Eliseo

1996: (2ª ed) *Gamelas y marineros*. Deputación Provincial de Pontevedra.

ALONSO ROMERO, Fernando

1996: *Crenzas e tradicións dos pescadores galegos, británicos e bretóns*. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.

ÁLVAREZ ÁLVAREZ, Manuel e VILLAR ÁLVAREZ, Arximiro

2002: *Gameleiros*. Ed. Xerais. Vigo.

CALO LOURIDO, Francisco

1980: *As artes de pesca*. Museo do Pobo Galego. Santiago de Compostela

1996: *Xentes do mar. Traballos, tradición e costumes*. Biblioteca A Nosa Terra. Vigo.

2004: "Patrimonio móbil, fluído e movemento perpetuo conforman a praxe haliéutica e a cosmovisión do home do mar" in *Actas do Iº Congreso de patrimonio etnográfico galego in memoriam Xaquín Lourenzo Fernández "Xocas"*. Ourense 2, 3 e 4 de maio de 2003.

CANO PAN, J. A.

1991: *Las industrias líticas talladas en la costa de La Guardia a Baiona*. Excma. Diputación Provincial de A Coruña. A Coruña.

CANO PAN, J.A. e VÁZQUEZ VARELA, J.M.

1990: "La talla tradicional de la piedra" in *El hombre y el mar en la costa Suroeste de Pontevedra*. Vázquez Varela, J.M. (coordinador). Deputación de Pontevedra.

CANO PAN, J. A. et Alii.

1997: *Evolución de la costa meridional de Galicia durante el Cuaternario superior*. Cuaternario Ibérico.

CARDENET, J.

1912: *Carta de la Ría de Vigo*. Sección de Hidrografía, Madrid.

CARMONA BADÍA, Joám

1997: "O mar e a industrialización de Galicia" in *O feito diferencial galego. I Historia*, volume 2, 250-276 Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela.

COELLO, Francisco

1856. *Pontevedra: Atlas de España y sus posesiones de ultramar*. Madrid.

**CREUS ANDRADE, Juan**

2002. "O litoral: un territorio para vivir" in *Andar no mar*. II Xornadas Internacionais de Cultura Tradicional. Carnota, xuño 2001. Asociación Canle de Lira.

DÍAZ GUERRERO, Francisco

2002: *Naufraixos no mar de Vigo*. Ed. Xerais. Vigo.

DORAL ANUNCIBAY, Antonio

1850: *Plano de la Ría de Vigo*. Dirección de Hidrografía, Madrid.

EIROA del RÍO, Francisco

1997: *Historia y desarrollo de la pesca de arrastre en Galicia*. Deputación de A Coruña.

FERNÁNDEZ CASANOVA, C.

1998: *Historia da pesca en Galicia*. Biblioteca de Divulgación, Serie Galicia, nº 24. Universidade de Santiago de Compostela. Santiago de Compostela.

FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, Carlos e RODRÍGUEZ LÓPEZ, Carlos

1996: "Nuevos datos acerca de los recursos económicos del poblado castreño de Santa Trega (A Guardia, Pontevedra)". *Gallaecia*, 14-15 pp. 359-392. Facultade de Xeografía e Historia. Universidade de Santiago de Compostela.

FERREIRA LORENZO, Antón

1995. *As marcas dos mariñeiros da Guarda*. Anabam. A Guarda.

GARCÍA ALLUT, Antonio

1999: "Recursos pesqueiros comunais e mecanismos sociais de regulación: A lóxica da envexa" in *O feito diferencial galego. III Antropoloxía*, vol. I pp. 179-197. Museo do Pobo Galego. Santiago de Compostela.

GARCÍA LAGO, Antonio

1998: *Crónica biográfica de Camposancos y su entorno*. Comunidade de Montes de Camposancos.

GIANNINI, Eustaquio

1794: *Plano de la ría de Vigo...*

GIRÁLDEZ RIVERO, Jesús

1997: "A explotación dos recursos do mar" in *O feito diferencial galego. I Historia*, volume 2 pp.235-250. Museo do Pobo Galego. Santiago de Compostela.

GONZÁLEZ MARTÍNEZ, Praxiteles

2000: *A terra das nosas raízes. Topónimos e motes de O Rosal e A Guarda*. Pías, O Rosal.

LABARTA, Uxío

1995: *A Galicia mariñeira*. Ed. Galaxia, Vigo.

MADOZ, Pascual

1845: (Facsimil 1986) *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de ultramar*. Ed. Breogán. Madrid.

MARTÍNEZ GONZÁLEZ, Miguel

1999: "¿Mares de identidade? En torno ás divisións sociais na pesca artesanal galega" in *O Feito diferencial Galego III Antropoloxía*, vol. 1 pp 199-243. Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela.

MÉNDEZ MARTÍNEZ, Gonzalo

1994: *Cartografía antiga de Galicia*. Deputación Provincial de Pontevedra.

2000: *Cartografía de Galicia (ss. XVI ó XIX)*. Colección Puertas-Mosquera. Exposición Colexio de Fonseca, abril, 2000. Universidade de Santiago de Compostela.

MÖRLING, Staffan

1989. *Las embarcaciones tradicionales de Galicia*. Consellería de Pesca. Santiago de Compostela.

PATRICIO CORTIZO, Fernando

2004: *Historia da costa galega e os seus naufraxios. Século XX*. Ed. Xerais. Vigo.

PAZOS, Lino J.

2001: *Naufraixos en las Rías Baixas*. Vigo.

2003: *Naufraixos. Costa NW (1900/2002)*. Cambados.

PEREIRA, Dionisio (coordinador)

1992: *Os conquistadores modernos. Movemento obreiro na Galicia de anteguerra*. Ed. A Nosa Terra, Vigo.

REY GARCÍA, M.

1991: *Guidoiro Areoso (Vilanova de Arousa)*. *Arqueoloxía / Informes*, 2.

1995: *Excavación arqueolóxica no illote Guidoiro Areoso (Vilanova de Arousa)*. *Arqueoloxía / Informes*.

RODRÍGUEZ MUÑOZ, S.

2001: "O Clima no Val Miñor." En: *Revista de Estudos Miñoranos (REM)*, nº1. Instituto de Estudos Miñoranos (IEM). Vigo

**RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, Manuel**

1976: *Hidrotoponimia de la Ría de Arosa. Accidentes costeros, emergentes y submarinos con sus coordenadas*. Seminario Fontán-Sarmiento de hagiografía, Toponimia y Onomástica de Galicia. Santiago de Compostela.

s/a

1998: *Aeroguía del litoral de Galicia*. Ed. Planeta, Barcelona.

2003: *A Guarda. Catálogo do litoral rochoso*. Confraría d'A Guarda.

1977: (reimpresão 1988) *Carta hidrográfica da barra e Porto de Caminha*. Instituto Hidrográfico. Lisboa.

1997: (II ed. 2001) *De Islas Cies al río Miño*. Instituto Hidrográfico de la Marina. Cádiz.

1908: *Derrotero de las costas de España y Portugal desde el Cabo Trafalgar hasta el puerto de la Coruña*. Ministerio de Madrid.

1915: *Derrotero de las costas de España y Portugal desde el Cabo Trafalgar hasta el puerto de La Coruña*. Dirección General de Navegación y Pesca Marítima. Sección Hidrografía. Madrid.

1993: *Derrotero de la costa NW de España que comprende desde la Estaca de Bares al río Miño*. Instituto Hidrográfico de la Marina. Sección Náutica. Cádiz.

2005: *Faros y señales de niebla*. Parte I. Instituto Hidrográfico de la Marina. Cádiz.

2004: *Galicia. Espacio Natural*. Turgalicia. Dirección Xeral de Turismo. Santiago de Compostela, p.84.

2000: *Mapa Topográfico Nacional de España* (2ª ed.) 298-IV A Guarda. 1: 25.000

Instituto Geográfico Nacional. Ministerio de Fomento.

2002 (2ª ed.) 261-I Baiona

2002 (2ª ed.) 260-II Baredo

2000 (2ª ed.) 260-IV Oia

2000 (2ª ed.) 298-II Marzán

2003: *Nomenclátor. Toponimia oficial das provincias, concellos, parroquias e lugares*. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.

1994: (reed. 2002) *Océano Atlántico Norte. Costa Noroeste de España. Puertos de Panxón y Baiona*. Instituto Hidrográfico de la Marina. Cádiz.

s/a s/d

Manual de Metodoloxía para a recolleita de información toponímica. Proxecto Toponimia de Galicia.

Proxecto Toponimia de Galicia. Informe de problemáticas dos traballos de campo do PTG.

SACAU RODRÍGUEZ, Gerardo

1998: *Os nomes de Ría de Vigo*. Instituto de Estudios Vigueses. Vigo.

SARMIENTO, Martín

2001: *Viaxe a Galicia (1745)*. Edición e estudio J.L. Pensado. Ed. Toxosoutos, Noia.

TOFIÑO de SAN MIGUEL, Vicente

1787: *Plano de la Ría de Vigo*.

VV.AA.

1974: *Gran Enciclopedia Galega*. T. 23 Ed. Silverio Cañada. Santiago de Compostela/Xixón.

VV.AA.

1990: *El hombre y el mar en la costa suroeste de Pontevedra*. Excmá Diputación Provincial de Pontevedra, Servicio de Publicacións. Vigo.

VV.AA.

1996: *Galicia. Xeografía. Vales do Tambre e do Ulla, Rías Baixas Pontevedresas e Baixo Miño*. T. XIX. Ed. Hercules. A Coruña.

VV.AA.

1990: *El hombre y el mar en la costa suroeste de Pontevedra*. Excmá Diputación Provincial de Pontevedra, Servicio de Publicacións. Vigo.

VÁZQUEZ VARELA, J.M.

1990: *El hombre y el mar en la costa Suroeste de Pontevedra*. Deputación Provincial de Pontevedra.

VÁZQUEZ VARELA, J.M., URGORRI, V. e TRONCOSO, J.S.

1992: "El marisqueo en la cultura castreña de Galicia" In *Galicia: da romanidade á xermanización*. Santiago de Compostela.

VILAR PEDREIRA, X. L., RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, R e NIETO NOVOA, B.

2004: *Aeroguía Litoral do Ámbito Territorial da Confraría de Baiona*. Confraría de Pescadores "A Anunciada" de Baiona. Barcelona.

YÁNEZ NEIRA, Fr. M.

1974: *El Monasterio de Oya y sus Abades*. Diputación Provincial de Patronato "José Mº Quadrado" y Ayuntamiento de Oya. Museo de Pontevedra.

AGRADECEMENTOS

Jesús Pereira Ferreira
Ángel Lomba Franco
José Antonio Alonso Lomba
Víctor M. Martínez Rivero
José Luís Morais Martínez
Cándido García Adrover
Daniel Álvarez Martínez
Remigio Álvarez Vicente
Celia Vega Vicente
Feliciano González Otero
Manuel Varela González
José Castro González
Lucio Jesús Penedo Tiedra
Manuel Pedreira Santos "O Gardés"
José Antonio Selegante
Ramón Chousa Pousa
Manuel Castro Ratel
Miguel Pousa Marcote
Remigio Leyenda Pereira
Albino Durán Barreiro
Bienvenido Durán Diego
Jesús López Méndez
Isaac Carneiro Refojos
Xosé Trigo Pereira
José Cándido Alonso Iglesias
Xulio Martínez Losada
Enrique Campos Cividanes
Xosé Miranda Trinta
Manuel Pérez Pombal
Xosé Salinas Estévez
Francisco Darrocha
Antonio Castro González
Anxo Fernández Fortes
Xosé C. Alonso Iglesias
Dorinda González "Elsa"
Persoal do SITGA
Confraría de Baiona
Confraría d'A Guarda
Comandancia de Baiona
Comandancia d'A Guarda
Toño e Daniel, fotógrafos
Rosana Estévez Pereira
Bruno Centelles García

Tódolos mariñeiros, percebeiros, percebeiras e argaceiras que non figuran nominalmente.
E tamén a Concha Costas que deixou unhas horas a Alma e Xela para darlle a lectura de revisión definitiva.
Graciñas.